



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 12 de maio de 2022 (1210/1102)**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Carlos López Font  
D. Abel Losada Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de maio de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventora xeral adxunta, Sra. Gómez Corbal, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(335).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 3 de maio e ordinaria do 5 de maio de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(335).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA «FUNDACIÓN GRANDES AMIGOS EN ACCIÓN» PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E SOCIALIZACIÓN PARA AS PERSOAS MAIORES EN VIGO, 2022-2025. EXPTE. 233454/301.**

Visto o informe xurídico do 26/04/2022 e o informe de fiscalización do 05/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/04/2022, asinado polo xefe de Área de

Benestar Social, a xefa do Servizo, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

## I. INFORME

I.1. A «Fundación Grandes Amigos en Acción» (antes: «Fundación Amigos dos Maiores») é unha organización sen ánimo de lucro que ten como fins principais contribuír ó benestar das persoas maiores, preferentemente daquelas que padecen unha situación de precariedade ou vulnerabilidade, que vivan soas ou que teñan dificultades físicas ou psíquicas e tamén a promoción e formación do voluntariado.

I.2. A «Fundación Amigos de los Mayores» crease en 2003 en Madrid, inspirada na organización internacional “Les petits frères des Pauvres” que xurde en París, en 1946, a finais da II Guerra Mundial. Co tempo, estendeuse a outros países como Marrocos, Estados Unidos, Canadá, Irlanda, México, España, Alemaña, Polonia, Suíza e Rumanía. Ten como misión mellorar a calidade de vida das persoas maiores en situación de aillamento e/ou soidade a través da acción de voluntarios/as cualificados/as.

I.3. «Amigos dos Maiores» nace en Vigo en 2016 como continuación do traballo realizado pola Fundación na Comunidade de Madrid e segue desenvolvendo a súa actividade ata o día de hoxe, xa coa denominación de «Fundación Grandes Amigos en Acción» (a partir de 2019). Cos seus proxectos a Fundación procura reconstruír a rede social e mellorar a calidade de vida e o estado anímico das persoas maiores destinatarias, así como identificar boas prácticas que poidan contribuír a acadar eses obxectivos.

I.4. Na nosa cidade, conta con persoal propio contratado e, fundamentalmente, con persoas voluntarias para atender a un número crecente de persoas maiores que viven ou se sinten soas e traballa de xeito coordinado co Concello de Vigo e con outras institucións sociais e asistenciais, realizándose derivacións de persoas maiores en situación de soidade e/ou aillamento social.

I.5. O obxectivo xeral do Convenio que se pretende formalizar agora entre a Concellería de Política de Benestar Social e a «Fundación Grandes Amigos en Acción» é o desenvolvemento dun programa de acompañamento afectivo e socialización para as persoas maiores en Vigo nos anos 2022-2025, para contribuír ó benestar daquelas que estean en situación de aillamento e/ou teñan dificultades físicas ou psíquicas, ofrecéndolles apoio afectivo a través da acción de voluntarios/as cualificados/as.

I.6. Como obxectivos específicos establécense:

- a) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado a domicilio e/ou telefónico a persoas maiores en situación de soidade e aillamento social.
- b) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado, colectivo e/ou telefónico en residencias a persoas maiores en situación de soidade e aillamento social.
- c) Fortalecer as redes veciñais e proporcionar espazos comunitarios de ampliación de redes de apoio no contorno das persoas maiores.
- d) Informar á poboación viguesa sobre os programas de voluntariado da entidade.
- e) Favorecer a participación das persoas maiores, tanto das que viven en residencias como no seu domicilio, en actividades grupais adaptadas ás súas necesidades e que lles permitan saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.



## Concello de Vigo

I.7. O Programa inclúe diversas actividades de acompañamento a domicilio e en residencias e de lecer inclusivo (saídas, encontros, excursións, etc.).

I.8. A Concellería de Política de Benestar Social é coñecedora da existencia dun amplo colectivo de persoas maiores na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento idóneo dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello para as persoas maiores como son o “Servizo de Axuda no Fogar” (SAF), o Programa “Xantar na Casa”, o Servizo de Telesistencia domiciliaria, as actividades do Programa de “Avellentamento activo”, etc.

I.9. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

I.10. A subvención que se propón está prevista nominativamente no orzamento municipal polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da L.38/2003 xeral de subvencións e 26 da L.9/2007 de subvencións de Galicia. A mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

I.11. No exercicio de 2022, o gasto (20.000€) imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.07 – *Asociación de amigos dos maiores de Vigo*. As anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2023, 2024 e 2025.

I.12. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.13. En relación coa Instrución 1/2014 da Intervención xeral municipal, faise constar que, como se recolle expresamente na proposta de Convenio sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de educación, saúde e servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á «Fundación Grandes Amigos en Acción» (CIF G-83625509), por importe total de 80.000€, a razón de 20.000€/ano (2022-2025), con cargo no exercicio de 2022 á aplicación nº 2310.480.00.07 – *Asociación de amigos dos maiores de Vigo* do orzamento vixente. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

SEGUNDO.- Aprobar o «CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN GRANDES AMIGOS EN ACCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E SOCIALIZACIÓN PARA AS PERSOAS MAIORES EN VIGO – ANOS 2022-2025», elaborado polo Servizo de Benestar Social.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN GRANDES AMIGOS EN ACCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE ACOMPAÑAMENTO E SOCIALIZACIÓN PARA AS PERSOAS MAIORES EN VIGO – ANOS 2022-2025**

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. Mercedes Villegas Beguiristain, con DNI nº 05661888-R, Directora da «Fundación Grandes Amigos en Acción», CIF nº G-83625509, con domicilio na rúa Embajadores nº 206, duplicado, 1º –



## Concello de Vigo

Porta C, CP 28045 de Madrid e enderezo para os efectos de notificación na rúa Ferrería nº 33, baixo, CP 36202 de Vigo.

### INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D<sup>a</sup>. Mercedes Villegas Beguiristain, actuando en representación da «Fundación Grandes Amigos en Acción», segundo así resulta da documentación achegada ó expediente, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

### EXPOÑEN

I.- Que a «Fundación Grandes Amigos en Acción» (antes: «Fundación Amigos dos Maiores») é unha organización sen ánimo de lucro de nacionalidade española con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins que ten como fins principais contribuír ó benestar das persoas maiores, preferentemente daquelas que padezan unha situación de precariedade ou vulnerabilidade, que vivan soas ou que teñan dificultades físicas ou psíquicas e tamén a promoción e formación do voluntariado.

A Fundación «Amigos de los Mayores» naceu en 2003 en Madrid, inspirada na organización internacional “Les petits frères des Pauvres” que xurde en París, en 1946, a finais da II Guerra Mundial.

«Amigos dos Maiores» nace en Vigo en 2016 como continuación do traballo realizado pola Fundación na Comunidade de Madrid e segue desenvolvendo a súa actividade ata o día de hoxe, xa coa denominación de «Fundación Grandes Amigos en Acción» a partir de 2019.

Na nosa cidade, conta con persoal propio contratado e, fundamentalmente, con persoas voluntarias para atender a un número crecente de persoas maiores que viven ou se sinten soas e ten traballado de xeito coordinado co Concello de Vigo a través dos “Coidadores de Barrio”, cos Centros de Saúde de Vigo e coas Residencias da Terceira Idade do Meixoeiro, Vigo I e Vigo II, desde onde se realizaron derivacións de persoas maiores en situación de soidade e/ou aillamento social.

Foi inscrita no “Registro de Fundaciones de competencia estatal” con data 02.03.2018, sendo o número de rexistro asignado o 2018. Figura tamén de alta (coa denominación anterior de «Fundación Amigos de los Mayores» no RUEPSS co nº E-6782 e no Rexistro Municipal de Asociacións desde o ano 2016 co nº 01283-16.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun amplo colectivo de persoas maiores na cidade que teñen a necesidade de acudir a este tipo de programas para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, constitúe un complemento idóneo dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello para as persoas maiores como son o “Servizo de Axuda no Fogar” (SAF), o Programa “Xantar na Casa”, o Servizo de Teleasistencia domiciliaria, as actividades do “Programa de Avellentamento activo”, etc.

III.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos



## Concello de Vigo

que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Grandes Amigos en Acción» para o desenvolvemento dun Programa de acompañamento e socialización para as persoas maiores en Vigo nos anos 2022, 2023, 2024 e 2025.

SEGUNDA.- O obxectivo xeral deste Programa é o de contribuir ó benestar das persoas maiores en Vigo, preferentemente daquelas que estean en situación de aillamento e/ou teñan dificultades físicas ou psíquicas, ofrecéndolles apoio afectivo a través da acción de voluntarios/as cualificados/as.

Como obxectivos específicos establécense:

- a) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado a domicilio e/ou telefónico a persoas maiores en situación de soidade e aillamento social.
- b) Proporcionar acompañamento afectivo individualizado, colectivo e/ou telefónico en residencias a persoas maiores en situación de soidade e aillamento social.
- c) Fortalecer as redes veciñais e proporcionar espazos comunitarios de ampliación de redes de apoio no contorno das persoas maiores.
- d) Informar á poboación viguesa sobre os programas de voluntariado da entidade.
- e) Favorecer a participación das persoas maiores, tanto das que viven en residencias como no seu domicilio, en actividades grupais adaptadas ás súas necesidades e que lles permitan saír do seu aillamento e ampliar a súa rede social.

O Programa inclúe as seguintes actividades/subprogramas:

- Acompañamento a domicilio: consiste nunha visita semanal dun/unha voluntario/a a unha persoa maior que vive e/ou se sente soa. De ser o caso, o acompañamento realizaríase telefonicamente.
- Acompañamento en residencias: o obxectivo é aliviar a soidade e as situacións de aillamento social das persoas maiores que viven en centros residenciais e que, por diferentes motivos, teñen un contacto limitado co exterior e/ou coa súa rede social ou familiar. As modalidades poderán ser tamén presencial e telefónica.
- Programa de prevención: preténdese a implicación da sociedade na prevención da soidade a través de tres cuestións: o traballo comunitario, a potenciación das redes veciñais e o acompañamento afectivo.
- Programa de socialización: os/as voluntarios/as, organizados/as en equipos de acción, promoven a súa participación en encontros de barrio onde reúnen a persoas maiores e voluntarias para compartir charlas, café, etc. Estes encontros promoven o contacto interxeneracional e axuda ás persoas maiores a sentirse integradas e parte da comunidade. Inclúe tamén saídas culturais, merendas e excursións co fin de favorecer a ampliación da rede social das persoas maiores.

TERCEIRA.- A «Fundación Grandes Amigos en Acción» comprométese tamén a:

- Someterse á normativa vixente en cada momento na materias propias da súa actividade e que afecten tanto ás persoas maiores beneficiarias do Programa como ó seu persoal, contratado ou voluntario, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.
- Ofrecer o Programa de acompañamento e socialización ás persoas maiores derivadas polos servizos sociais municipais, de acordo cos protocolos de derivación aplicables.
- Manter unha axeitada coordinación coas traballadoras sociais de Benestar social e coa responsable técnica municipal do Programa.
- Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais incluíndo os datos da actividade na plataforma informática administrada polo Servizo de Benestar social do Concello de Vigo, cando estea operativa.
- Cumprir os demais compromisos contidos no proxecto presentado pola Fundación, que consta no Exp. nº 233453/301.

CUARTA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Grandes Amigos en Acción» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 20.000€/ano; en total, polo período de vixencia do Convenio: 80.000€. O gasto de 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.480.00.07 – *Asociación de amigos dos maiores de Vigo*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o período de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das*





## Concello de Vigo

*razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio».*

QUINTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade

subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

OITAVA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

NOVENA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous/dúas representantes da «Fundación Grandes Amigos en Acción» e dous/dúas técnicos/as municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área.

DÉCIMO SEGUNDA.- A Fundación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Programa, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:



## Concello de Vigo

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
  - Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
  - Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
  - Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solici-

tude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto



## Concello de Vigo

reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

### **3(336).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO CURSO 2022-2023. EXPTE. 234480/301.**

Visto o informe xurídico do 27/04/2022 e o informe de fiscalización do 05/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 27/04/2022, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. FUNDAMENTO NORMATIVO E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

I.1. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

I.2. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xeréricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

I.3. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesi-

dades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

I.4. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.5. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

I.6. O programa de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de trinta anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, promóvese un ano máis pola Concellería de Política de Benestar Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, o PES e a demais normativa de aplicación.

I.7. O gasto representado polas axudas que se concedan pola Xunta de Goberno Local imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (“*Becas, libros, comedor*”), dotada cun crédito de 1.280.000€, que se distribuirá así: 135.000€ para libros e material escolar e 1.145.000€ para axudas de comedor.

Con todo, está prevista xa a posibilidade de incrementar eses créditos iniciais dispoñendo adicionalmente dos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, 2021/2022 (crédito non dispoñible no momento da convocatoria pero que sí se prevé obter antes da concesión das axudas)



## Concello de Vigo

e sen necesidade dunha nova convocatoria, tal como autoriza o Art. 58 do RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.

I.8. O elevado número tanto de solicitudes que hai que valorar, coa súa documentación anexa, como dos pagamentos resultantes da resolución da convocatoria, tramitación e resolución de recursos, tramitación e resolución de axudas de comedor en réxime excepcional, xestión de altas e baixas, etc., fai totalmente inviable a súa tramitación co persoal actual do Servizo de Benestar Social.

En consecuencia, para a implementación deste programa de axudas no curso 2022/2023 sería necesaria a dotación do seguinte persoal:

–Catro (4) auxiliares administrativos/as ou administrativos/as, por acumulación de tarefas, por un período de 9 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Art. 10.1.d] TREBEP).

–Un/unha (1) auxiliar administrativo/a ou administrativo/a para todo o programa de axudas, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas, tramitación de recursos, xestión de altas e baixas durante todo o curso, axudas en réxime excepcional, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

Este programa de axudas ten unha duración estimada de doce (12) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata xuño de 2023.

I.9. Como importante novidade legislativa, é preciso salientar que a L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas (DOG n.º 19, do 29.01.2021), en vigor desde o 30.01.2021, modificou o Art. 2.2 da vixente Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dando unha nova redacción á súa letra a), que queda redactada como segue:

*«Non teñen o carácter de subvencións: a) As prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial».*

Así as cousas, enténdese que as axudas escolares do Concello de Vigo participarían desa natureza “asistencial” e, polo tanto, non terían xa a consideración propiamente de “subvencións” para os efectos da L.38/2003 e da L.9/2007, aínda que, ó noso xuízo, en ausencia dunha normativa específica sobre este tipo de prestacións sociais, aquelas normas deberían seguir operando como marco xurídico de referencia.

En calquera caso, dita modificación non ten por qué traducirse nun menor control sobre as axudas que se concedan, toda vez que, á marxe dos controis e xustificacións establecidos na propias Bases, o Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, deu unha nova redacción ó Art. 7.y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, reforzando a obriga das Administracións autonómicas e Entidades Locais de comunicarlle á AEAT a información sobre as axudas concedidas para atender a colectivos en risco social, mediante a presentación do MODELO 190 (declaración resume anual de retencións) e identificando estas axudas coa clave “L” e a subclave 22 (“L22 - axudas establecidas por Comunidades Autónomas ou por entidades locais para atender, consonte a súa normativa, a colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas

con discapacidade cando eles e as persoas ó seu cargo, carezan de medios económicos suficientes, que estean exentas en virtude do establecido no primeiro parágrafo da letra y) do artigo 7 da LIRPF”).

O teor literal dese Art. 7, letra y) da LIRPF (“Rentas exentas”) é o seguinte:

*«Estarán exentas las siguientes rentas: (...) y) La prestación de la Seguridad Social del Ingreso Mínimo Vital, las prestaciones económicas establecidas por las Comunidades Autónomas en concepto de renta mínima de inserción para garantizar recursos económicos de subsistencia a las personas que carezcan de ellos, así como las demás ayudas establecidas por estas o por entidades locales para atender, con arreglo a su normativa, a colectivos en riesgo de exclusión social, situaciones de emergencia social, necesidades habitacionales de personas sin recursos o necesidades de alimentación, escolarización y demás necesidades básicas de menores o personas con discapacidad cuando ellos y las personas a su cargo, carezcan de medios económicos suficientes, hasta un importe máximo anual conjunto de 1,5 veces el indicador público de rentas de efectos múltiples. Asimismo, estarán exentas las ayudas concedidas a las víctimas de delitos violentos a que se refiere la Ley 35/1995, de 11 de diciembre, de ayudas y asistencia a las víctimas de delitos violentos y contra la libertad sexual, y las ayudas previstas en la Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, y demás ayudas públicas satisfechas a víctimas de violencia de género por tal condición».*

I.10. Polo demais, o contido material destas Bases é moi semellante ó do anterior exercicio 2021/2022. As únicas novidades reseñables serían as seguintes:

- Actualízase o requisito relativo á capacidade económica das unidades familiares de convivencia, de acordo coas contías actuais de IPREM e RISGA (afecta á Base Sexta).
- Tocante á xustificación das axudas de comedor e en congruencia co establecido no novo convenio marco de colaboración coas entidades educativas para os cursos 2022-2023 – 2025-2026 (Exp. nº 233418/301), prevese que as direccións dos centros emitirán unha certificación mensual ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as usuarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor. Prevese tamén que a Concellería de Política de Benestar Social poña a disposición dos directores dos centros un modelo de certificado que facilite a tramitación telemática das certificacións (afecta á Base Décimo Terceira).
- A partir desta convocatoria de axudas 2022-2023, nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro mais na unidade familiar de convivencia (afecta á Base Décima).

## II. PROPOSTA DE ACORDO

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención xeral municipal, a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar as «BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2022/2023», elaboradas polo Sevizo de Benestar Social do Concello de Vigo, co texto que figura nos documentos incorporados cos trámites núms. 10 (Bases) e 11 (Anexos I, II e III) ó Exp. nº 234480/301 (2022).

SEGUNDO: Autorizar o gasto de 135.000€ para axudas de libros e material escolar ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00





## Concello de Vigo

mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social (IBAN ES 90 2080-5000-67-3110242616).

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 1.145.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 para axudas municipais escolares de comedor, curso 2022/2023. Desta cantidade, 572.500€ imputaranse ó exercicio de 2022 e o resto, 572.500€, ó exercicio de 2023. A contía do ano 2023 quedará supeditada á dispoñibilidade orzamentaria dese exercicio. As dúas cantidades serán pagadas mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Servizo de Benestar Social.

CUARTO: Aprobar a convocatoria deste Programa de axudas escolares municipais para o Curso 2022/2023 que deberá ser publicada no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e no “Portal de Transparencia e bo goberno” do Concello de Vigo. Os créditos iniciais poderán incrementarse cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do curso anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 185.000€.

QUINTO: Aprobar as necesidades de persoal necesario para a xestión destas axudas municipais de libros, material escolar e comedor para o curso 2022/2023, que se concretan en:

–Catro (4) auxiliares administrativos/as ou administrativos/as, por acumulación de tarefas, por un período de 9 meses, no que se inclúen as fases de recollida de solicitudes e documentación, valoración e resolución das mesmas (Art. 10.1.d] TREBEP).

–Un/unha (1) auxiliar administrativo/a ou administrativo/a para todo o programa de axudas, no que se inclúen as fases anteriores máis o aboamento das axudas, tramitación de recursos, xestión de altas e baixas durante todo o curso, axudas en réxime excepcional, etc. (Arts. 10.1.c] TREBEP e 23.2.c] L.2/2015).

A duración estimada deste programa é de doce (12) meses, desde a publicación da convocatoria no BOPPO e ata xuño de 2023».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2022-2023.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

#### I

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación legislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro)

A Lei 5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoseas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

## II

No eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación sociolaboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

## III

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai uns vintecinco anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados con-



## Concello de Vigo

certados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Así as cousas, un ano máis promóvese desde a Concellería de Política de Benestar Social a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido polas Bases do Programa, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificada pola L.4/2021, do 28 de xaneiro), os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación a este tipo de prestacións sociais.

### BASES

#### **PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade.**

Estas Bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso escolar 2022-2023.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e de conciliación da súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das axudas de comedor é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

#### **SEGUNDA.- Programas de axudas.**

Serán de dous tipos:

1. Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar inclúese todo o material necesario para o desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chándal, zapatillas deportivas, material informático e material funxible, mochila, uniforme, máscaras, etc.).
2. Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

#### **TERCEIRA.- Publicidade e prazo.**

A publicación das presentes Bases realizarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web do Concello de Vigo. Anunciarase igualmente por eses medios a convocatoria e o prazo de presentación de solicitudes, que será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte á publicación oficial daquela.

As axudas que se concedan a través deste programa, unha vez resoltas, publicaranse no taboleiro de Anuncios e Editos, nos Centros de Servizos Sociais Municipais e na web municipal, con expresión do DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante – pai, nai ou titor – (ordenadas numericamente), expediente de servizos sociais, número de documento na xestión municipal, colexio, finalidade da axuda (libros,

material escolar e comedor ou ambas) e resolución recaída (concedida, denegada -motivo- ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

#### **CUARTA.- Destinatarios de comedor.**

O programa de axudas para comedores escolares intégrase coas modalidades A) e B), que deben reunir os requisitos que a seguir se sinalan:

Modalidade A): Refírese a aquelas solicitudes presentadas no prazo ordinario establecido nestas Bases, tanto para as axudas municipais escolares de libros e material escolar como para as axudas de comedor, reunindo os requisitos establecidos na Base sexta.

Modalidade B): Con carácter excepcional e co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado xurdidas unha vez pechado o prazo ordinario da presentación de solicitudes e resoltas as axudas da modalidade A), poderán solicitarse axudas para comedor con carácter excepcional (Modalidade B) a partir do día seguinte ó acordo de resolución pola Xunta de Goberno Local das axudas ordinarias. Terán que cumprir cos requisitos esixidos na Base sexta, achegar a documentación sinalada na Base sétima e sinalar o motivo da excepcionalidade na solicitude.

Os/as alumnos/as deberán estar matriculados/as no curso 2022-2023 en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- |  |              |
|--|--------------|
| •Educación Infantil (2ª etapa)               | 3 a 5 anos   |
| •Educación Primaria (1º a 6º)                | 6 a 12 anos  |
| • Educación Secundaria Obrigatoria (1º a 4º) | 12 a 16 anos |

#### **QUINTA.- Compatibilidade e tratamento fiscal.**

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o propio Concello de Vigo a través da “Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de Vigo e Comarca” (FOANPA), comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo no caso de ter percibido outra axuda.

Non poderán acceder ás axudas de comedor municipais os/as alumnos/as matriculados/as en centros públicos non universitarios dependentes da Consellería con competencias en materia de educación da Xunta de Galicia que cumpran os requisitos para acceder ás axudas de comedor reguladas no Decreto 132/2013, do 1 de agosto, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria.

Tampouco poderán acceder os/as alumnos/as suxeitos a calquera medida de protección de menores resolta pola Xunta de Galicia, agás aqueles que estean suxeitos ó réxime de acollemento familiar, tanto en familia extensa como en familia allea, que cumprirán os requisitos xerais que se recollen na Base sexta.

A teor do disposto no Art. 7, letra y) da L.35/2006, do 28 de novembro, do IRPF, na redacción dada polo Art. 1 do RDL.39/2020, do 29 de decembro, de medidas financeiras de apoio social e económico e de cumprimento da execución de sentenzas, están exentas de IRPF, entre outras, as axudas establecidas pola entidades locais para atender as necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores por carecer as súas familias de medios económicos suficientes e ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o IPREM.

#### **SEXTA.- Requisitos xerais.**

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:



## Concello de Vigo

- a) Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Servizo de Benestar Social).
- b) Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- e) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- f) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.
- g) Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA (5.211,24€). No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (5.211,24€).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
3	1.302,78€	15.633,36€
4	1.737,04€	20.844,48€
5	2.171,30€	26.055,60€
6	2.605,56€	31.266,72€
7	3.039,82€	36.477,84€
8	3.474,08€	41.688,96€
9	3.908,34€	46.900,08€
10	4.342,60€	52.111,20€

A renda *per cápita* da unidade familiar é o resultado de dividir a renda da unidade familiar do último exercicio fiscal (2021), descontando os gastos de vivenda, entre o número de membros computables.

Cando se presente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) terase en conta a base imponible xeral (435) e base imponible de aforro (460).

Teranse en conta os gastos xustificadas en concepto de alugamento ou amortización de hipoteca para compra da vivenda que constituía o seu domicilio habitual, ata un máximo de cincocentos euros ó mes (500€/mes).

Os gastos de vivenda teranse en conta sempre e cando ningún membro da unidade de convivencia dispoña en propiedade de ningún ben inmovible que non sexa o seu domicilio habitual. Se os tivese, non se terían en conta eses gastos.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que mani-

festar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ó primeiro trimestre do ano 2022.

Para os efectos destas axudas enténdese por “*unidade familiar de convivencia*”:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- b) Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.
- c) A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito e os seus descendentes, que convivan habitualmente.
- d) A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos, sempre que sigan cumprindo o requisito do empadramento. De non ser así, non se terá en conta ó membro da unidade familiar no que conorra esta circunstancia.

Tendo en conta a natureza destas axudas e a súa finalidade, ó abeiro do disposto no Art. 13.2 la LXS (L.38/2003) e, concretamente, no Art. 2.2.a) da LSG (L.9/2007), modificado pola L.4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, exceptúase o requisito de acreditar o cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social para obter a condición de beneficiario/a.

#### **SÉTIMA.- Solicitud e documentación.**

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia.

Só se aceptará unha (1) solicitude por unidade de convivencia. No caso de que se presenten máis acumúlense, tramitándose a primeira presentada no Rexistro.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

7.1. DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante e dos membros maiores de dezaioito (18) anos, sempre que non consten xa na base de datos do Servizo de Benestar Social.

7.2. Libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento, sempre que non consten na base de datos do Servizo.

7.3. Declaración de IRPF do último exercicio de todos os membros da unidade familiar.

7.4. De ser o caso, certificado anual dos ingresos percibidos correspondentes ó ano 2021 expedido polo organismo competente, das pensións da Seguridade Social, subsidio de desemprego, RISGA ou calquera outra prestación pública que se estea a percibir por calquera dos membros da unidade familiar de convivencia (\*).

(\*) A documentación indicada nos apartados 7.3 e 7.4 só deberán presentala as persoas solicitantes que non autoricen ó Concello de Vigo para obter directamente os documentos e certificados necesarios doutras Administracións Públicas.



## Concello de Vigo

7.5 No caso de solicitar axuda de libros e material escolar achegarase documento acreditativo do IBAN da conta bancaria da persoa solicitante da axuda (pai, nai ou titor).

7.6. De ser o caso, contrato de aluguer e dous (2) xustificantes das transferencias bancarias ou recibos pagados dos dous (2) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Non se terán en conta os recibos de aluguer cando nos mesmos non consten os seguintes datos:

- Identificación da parte arrendadora (nome, apelidos, DNI e sinatura)
- Identificación do/a arrendataria/o (inquilino/a)
- Enderezo da vivenda alugada
- Mes e importe pagado.

Excepcionalmente, en ausencia de contrato escrito, deberá achegarse debidamente cuberto o Anexo II (contratos verbais).

7.7. De ter hipoteca sobre a vivenda habitual, achegará:

- Xustificante selado e asinado pola entidade bancaria (Anexo III).
- Recibos de pagamento dos dous (2) meses anteriores á apertura do prazo da presentación de solicitudes, acreditativos do gasto realizado en concepto de amortización da hipoteca da vivenda habitual.

7.8. No caso de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar incluídos na solicitude, deberán presentar un dos seguintes documentos que acredite esta circunstancia:

- Certificado emitido polo órgano competente do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ó 33%.
- Tarxeta acreditativa do grao de discapacidade.
- Certificado de percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou a equivalente de clases pasivas

7.9. No caso de situación de violencia de xénero no ámbito familiar, deberá acreditar que foi vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia, que rematou dentro dos vinte e catro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas municipais escolares.

Acreditarase esta circunstancia achegando a sentenza condenatoria ou orde de protección, que deberá terse emitido dentro dos vinte e catro (24) meses inmediatamente anteriores á apertura do prazo das axudas, agás casos excepcionais que serán acreditados polas profesionais do “Centro Municipal de Información dos dereitos da Muller”.

7.10. No caso de separación ou divorcio deberá presentar a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do causante.

7.11. De ser o caso, resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento.

7.12. Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Servizo de Benestar Social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.

### **OITAVA.- Presentación de solicitudes.**

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 da L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

#### **NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes.**

A instrución do procedemento de concesión das axudas correspóndelle ó Servizo de Benestar Social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se enmende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (Art. 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 21 LPACAP.

#### **DECIMA.- Criterios de valoración.**

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda *per cápita* dos ingresos do ano 2021 dos compoñentes da unidade familiar de convivencia.

No caso de acreditar unha deterioración da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na Base sexta, a renda *per cápita* considerada será a correspondente o primeiro trimestre do ano 2022.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para estes mesmos efectos, computará por dous cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

Nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar de convivencia.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior. No caso de igualdade de ingresos, concederase por maior número de membros da unidade familiar.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración.**

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, que actuará como presidenta, o Xefe de Área de Benestar Social, a Xefa deste Servizo e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Tramitación e resolución das axudas.**

12.1. O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na Base décima e fará constar expresamente que, da información que obra no seu poder, despréndese que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás axudas. O/a instrutor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

12.2. Rematada a instrución do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na Base décimo primeira.

12.3. A proposta de resolución conterá unha relación na que figure a renda *per cápita anual* da unidade familiar de convivencia (ordenada de menor a maior), número de expediente en Servizos Sociais, número de





## Concello de Vigo

documento na xestión municipal, colexio, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: sinalarase a axuda individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.

- Denegadas: faranse constar sempre as causas de denegación:

- A solicitude foi presentada fóra de prazo.
- Non achegan a documentación requirida.
- Non estar empadroados/as.
- Matriculado nun centro privado sen concerto.
- Superar os ingresos.
- O centro non conta co servizo de comedor.
- O/a alumno/a non está matriculado/a nun centro educativo do termo municipal de Vigo.
- Por non acreditar o cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Libros: o curso que se solicita non se inclúe nas axudas deste programa.
- Libros: na modalidade excepcional, non son obxecto de axuda.

-Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda *per cápita*, de menor a maior. Os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar e comedor que se atopen en lista de agarda, pasarán a ser concedidas sempre que exista crédito orzamentario.

12.4. A Xunta de Goberno Local, por proposta da instrutora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das axudas con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 (“*Becas, libros, comedor*”) do orzamento de Benestar Social do Concello.

12.5. O prazo máximo para resolver e publicar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen terse notificado a resolución lexitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

12.6. Modalidade B) de comedor con carácter excepcional.

A Concelleira de Política de Benestar Social resolverá, por proposta do Servizo instrutor do procedemento, a inclusión dos/a alumnos/as na lista de agarda ou a denegación da axuda.

Darase conta á Xunta de Goberno Local das axudas de comedor nesta modalidade B), cos seguintes datos: data resolución da Concelleira, número de expediente en Servizos Sociais, número de expediente na xestión municipal e sentido da resolución (concedida/denegada).

### **DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación.**

- **Contía para libros e material escolar:**

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) ..... 100,00 € / alumno/a.

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez mediante transferencia bancaria á conta da persoa solicitante da axuda, previa presentación das facturas orixinais do gasto realizado.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia beneficiaria, o pagamento da axuda farase coa autorización por escrito do/a beneficiario/a, ó/a profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pagamento directamente ó establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que os pais compren os libros nos centros escolares, deberán acreditar o pagamento presentando o certificado do devandito centro, debidamente asinado, onde se recolla a identificación do/a pai/nai/titor (solicitante da axuda), alumno/a, importe pagado e concepto.

#### **- Contía para comedor:**

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de corenta e un euros (41€), agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán vintenove euros (29€) por ter menos días lectivos.

A diferenza, de existir, entre o prezo da praza do comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

#### **- Pagamento das axudas de comedor ás entidades colaboradoras e seguimento:**

As axudas concédense ás familias e pagaranse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos nos correspondentes convenios. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar, coa periodicidade que se estableza, as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Servizo de Benestar Social.

O pagamento das axudas de comedor realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Servizo de Benestar Social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

O pagamento ós centros educativos farase en tres (3) prazos:

- Primeiro pagamento (setembro-décembro), ata unha porcentaxe máxima do 50% do importe correspondente á resolución das axudas de comedor de cada centro educativo, aprobada pola Xunta de Goberno Local. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do cuadrimestre.

- Segundo pagamento (xaneiro-marzo), ata unha porcentaxe máxima do 80% de todas as axudas concedidas para o curso escolar e previo reaxuste das cantidades do primeiro pagamento. Pagarase de xeito anticipado antes da finalización do trimestre.

- Terceiro pagamento (abril-xuño), unha vez rematado o curso escolar reaxustaranse os pagamentos a cada centro educativo ata completar o 100% do importe total de todas as axudas de comedor concedidas a cada centro educativo, tendo que reintegrar, de ser o caso, as cantidades pagadas anticipadamente polo Concello das axudas concedidas ós/ás alumnos/as que non utilizaron o servizo de comedor.

No segundo e terceiro pagamento reaxustaranse as axudas de comedor nos centros educativos debido ós seguintes motivos:

- Baixas que se van producindo ó longo do curso.
- Traslados dos/as alumnos/as a outros centros educativos. O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Servizo de Benestar Social para a súa autorización. O



## Concello de Vigo

traslado, de producirse, xurdirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte. Se o/a alumno/a se trasladase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do pagamento do comedor.

•Novas altas, que comunicará o Concello ós centros (recursos, modalidade excepcional, lista de agarda).

O Servizo de Benestar Social enviará a cada centro escolar a mes vencido, as listas actualizadas dos/as alumnos/as con axudas de comedor, unha vez recibidas as incidencias mensuais dos colexios e a comunicar as novas altas, se as houbera.

As direccións dos centros emitirán unha certificación mensual ó longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as usuarios/as e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor.

A Concellería de Política de Benestar Social porá a disposición dos directores dos centros un modelo de certificado que facilite a tramitación telemática das certificacións.

Para o caso de que durante o curso escolar 2022-2023 se producise unha situación semellante á padecida por causa da COVID-19 que imposibilitase o normal funcionamento dos comedores escolares, procederíase ó pagamento das axudas de comedor directamente ás familias en situación de vulnerabilidade e con cargo á mesma aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 ("*Becas, libros, comedor*").

### **DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións.**

Contra estas Bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

### **DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as.**

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das axudas as previstas nestas Bases e na restante normativa de aplicación e, entre elas, as seguintes:

- O/a alumno/a que teña concedida a axuda de comedor (41€/mes, agás os meses de decembro e abril) , ten a obriga de gastar o importe total mensual da axuda dentro do mes.
- Comunicar ó Servizo de Benestar Social ou ó centro educativo a baixa.
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que considere oportunas.
- O pai, nai ou titor están obrigados a asinar as listas da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o/a alumno/a.
- O pagamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza, de existir, entre o prezo real do comedor e a axuda a percibir

### **DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador.**

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a axuda concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

De ser o caso, serán tamén de aplicación todas as demais causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

## **DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final.**

En todo aquilo non previsto nas presentes Bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, o Plan Estratégico de subvencións 2021 – 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2022/2023. CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL.

## **CONVOCATORIA**

---

### **Bases reguladoras.**

As Bases reguladoras das AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2022/2023 foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión do ..... e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra n.º ..... do .....

### **Crédito orzamentario.**

O importe total das axudas para conceder non excederá do límite de 1.280.000,00€ e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.481.00.00 “*Becas, libros, comedor*”. Tendo en conta o crédito do que se dispoña no momento da convocatoria, concederanse as axudas ata que se esgote o orzamento. Poderase incrementar o crédito inicial cos eventuais importes sobrantes do programa de axudas do exercicio anterior, sen necesidade dunha nova convocatoria (Art. 58 RXS). A contía máxima a incrementar será de 185.000 €.

### **Obxecto e destinatarios.**

As bases aprobadas teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de axudas ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con domicilio en Vigo, para o curso 2022/2023.

### **Réxime de concesión.**

A concesión destas axudas realizarase en réxime de concorrencia, de acordo cos principios de publicidade e obxectividade e conforme cos criterios e o procedemento establecidos nas Bases, ata esgotar o crédito dispoñible.



## Concello de Vigo

### Requisitos.

Serán requisitos necesarios para ser beneficiario/a das axudas os seguintes:

- Que a unidade familiar de convivencia estea empadroada no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Servizo de Benestar Social).
- Convivir cós/cás alumnos/as para os que se solicitan as axudas.
- Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.
- Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.
- Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.
- Que a capacidade económica da unidade familiar de convivencia non exceda do 75% do IPREM, que equivale ó 100% do subsidio básico da RISGA (5.211,24€). No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (5.211,24€).

Tamén se lle computará esta cantidade ós contribuíntes que nos datos enviados desde a Axencia Tributaria consten como “Contribuíntes sen imputacións de renda” (sen datos), sempre e cando os outros membros da unidade de convivencia da solicitude consten sen ingresos.

UNIDADE FAMILIAR	IMPORTE MÁXIMO MENSUAL	IMPORTE MÁXIMO ANUAL
3	1.302,78€	15.633,36€
4	1.737,04€	20.844,48€
5	2.171,30€	26.055,60€
6	2.605,56€	31.266,72€
7	3.039,82€	36.477,84€
8	3.474,08€	41.688,96€
9	3.908,34€	46.900,08€
10	4.342,60€	52.111,20€

### Instrución e resolución: órganos competentes.

O órgano competente para a instrución do procedemento será o Servizo de Benestar Social. O órgano instructor incorporará un informe no que se acredite que, da documentación que ten no seu poder, despréndese que todos/as os/as beneficiarios/as cumpren os requisitos estipulados. A proposta de resolución para a concesión das axudas corresponderá ó órgano instructor previa avaliación da Comisión de Valoración. A Xunta de Goberno Local acordará conceder ou desestimar e crear a lista de espera das axudas con cargo á aplicación e polo importe máximo sinalado nas Bases.

### Presentación de solicitudes e prazo.

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 16.4 do a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Adminis-

trativo Común das Administracións Públicas. O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación oficial da convocatoria.

### **Prazo de resolución e notificación.**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis (6) meses, contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexítima ós/ás interesados/as para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

### **Solicitude e documentación.**

As solicitudes das axudas municipais para libros, material escolar e comedor, acompañadas da documentación esixida, presentaranse no modelo oficial que figura como Anexo I. Estarán debidamente cubertas e asinadas pola persoa solicitante (maior de idade ou emancipada) e o resto dos membros maiores de idade que formen a unidade de convivencia. Xunto coa solicitude achegarase a documentación establecida nas Bases.

### **Recursos.**

Contra as Bases e as resolucións administrativas que se adopten en execución das mesmas poderanse interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as ditou no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contarase a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

### **Criterios de valoración e distribución das axudas.**

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda *per cápita* dos ingresos dos compoñentes da unidade familiar de convivencia. No caso de acreditar unha deterioración significativa da capacidade económica da unidade familiar, a renda *per cápita* considerada será a correspondente ó primeiro trimestre do ano 2022.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dúas os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, teñan unha discapacidade igual ou superior ó 33%.

Para os efectos do cálculo da renda *per cápita*, computarán por dúas cando o/a solicitante fose vítima de violencia de xénero.

Computarán tamén por dous os membros da unidade familiar que, figurando na solicitude, se atopen en situación de acollemento.

Nas unidades familiares monomarentais ou monoparentais computarase un membro máis na unidade familiar de convivencia.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda *per cápita* da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederanse por maior número de membros da unidade familiar.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente presupostada para esta finalidade, repartíndose a contía mencionada entre as persoas beneficiarias.

1.- Contía para libros e material escolar: 100,00€/ alumno/a.



## Concello de Vigo

2.- A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 41,00€, agás nos meses de decembro e abril, que se pagarán 29€ por ter menos días lectivos. A diferenza, de existir, entre o prezo da praza de comedor e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

### **Publicidade.**

As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse na páxina web do Concello, no taboleiro de Anuncios e Editos e nos Centros de Servizos Sociais Municipais, con expresión do DNI/NIE/pasaporte do solicitante (ordenado numericamente)/expediente/colexio/finalidade da axuda (libros, material escolar ou comedor ou ambas) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de agarda). Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á AEAT (Modelo 190).

### **4(337).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIONES EN PAZ” (2022-2025). EXPTE. 232296/301.**

Visto o informe xurídico do 04/04/2022 e o informe de fiscalización do 06/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 04/04/2022, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a xefa do Servizo, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### I. INFORME

I.1. A asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharai» ten, entre os seus fins, promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre o pobo galego e o pobo saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político entre ámbolos dous pobos e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.

I.2. Estes fins materialízanse no seu proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONES EN PAZ”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharais desde os campamentos de refuxiados de Tindouf á nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto. Facilitarlles asistencia médica, ofertar unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

I.3. Este proxecto desenvólvese desde hai uns 20 anos, amosando unha capacidade de organización e responsabilidade notorias, contando cunha grande experiencia e unha ampla rede de solidariedade en Vigo. Enténdese que as Administracións Públicas deben apoiar, na medida das súas posibilidades, as actitudes solidarias destes cidadáns; apoio que se traduce en subvencionar o desprazamento destes nenos ata a nosa cidade.

I.4. Para a realización de canto antecede, no orzamento de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito na aplicación nº 2310.489.00.11 – *Convenio saharais*, por un importe de 70.000€.

A subvención que se propón está prevista, pois, no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa (nominativa) segundo o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As subvencións previstas para os exercicios posteriores de 2023, 2024 e 2025 (outros 70.000€/ano) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.5. A máis abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. A concesión desta subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de execución do orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.6. Tendo en conta as características humanitarias do proxecto, enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento, e as necesidades específicas da entidade promotora para levalo a cabo, obrigada a efectuar o pagamento dos billetes de avión dos/as nenos/as ás liñas aéreas alxerianas nos primeiros meses do ano, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención “*sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida*”.

I.7. Neste caso, o obxecto de subvención vai destinada a financiar os gastos do desprazamento, desde Tindouf ata Vigo, de menores refuxiados do Sáhara Occidental; nenos e nenas que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, polo que a razón humanitaria está suficientemente xustificada.

I.8. Durante os exercicios de 2020 e 2021 e debido á grave crise sanitaria e social ocasionada pola pandemia do COVID-19 resultou imposible desenvolver o proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONS EN PAZ” e considerouse que o máis recomendable era que os/as nenos/as participantes permanecesen nos campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria).

En consecuencia, en 2020 e 2021 non foi posible executar, como estaba previsto, o proxecto “VACACIONS EN PAZ”, que foi substituído polo “PROXECTO: URXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE REFUXIADOS SAHARAUIS” (2020) e polo “PROXECTO: AXUDA ALIMENTARIA PARA A POBOACIÓN REFUXIADA SAHARAUI EN TINDOUF” (2021).

Superados os efectos máis adversos da pandemia, enténdese posible e conveniente a continuación desta colaboración con SOGAPS para os exercicios de 2022-2025.

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa Asociación «Solidariedade Galega co Pobo Saharai» para a execución do proxecto de acollemento familiar temporal “VACACIONS EN PAZ” (anos 2022-2025).

I.8. Tal como se recolle expresamente na proposta de Convenio coa «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» sometida á aprobación da XGL, a concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª





## Concello de Vigo

da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.9. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

En todo caso, como dixemos antes, as anualidades futuras quedarán necesariamente subordinadas ó crédito que se consigne no seu caso nos respectivos orzamentos de 2023, 2024 e 2025.

## II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

PRIMEIRO.- Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración entre a Concellería de Política de Benestar Social e a «Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai» (CIF G-15924558), para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal “Vacacións en paz” (2022-2025).

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 280.000€, a razón de 70.000€/ano, con cargo no exercicio de 2022 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 - *Convenio saharais*-, destinado a financiar os gastos de desprazamento de nenos/as saharais procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACOLLEMENTO FAMILIAR TEMPORAL “VACACIÓNS EN PAZ” (2022-2025)

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D<sup>a</sup>. María Isla Aviión, con DNI nº 35.544.300-P, Presidenta da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai» (SOGAPS), CIF nº G-15924558, con sede social na Avda. Gregorio Espino, nº 57, baixo, de Vigo.

INTERVEÑEN

D<sup>a</sup>. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D<sup>a</sup>. María Isla Aviión, actuando en representación da Asociación «SOGAPS», segundo así resulta da certificación do acordo adoptado na súa Asemblea xeral extraordinaria do 08.10.2018 e dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a Asociación «SOGAPS» é unha ONG, inscrita no RUEPSS (nº E6742), no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia (n.º 2004/007037) e no Rexistro municipal de Asociacións (n.º 1364-19) que ten entre os seus fins promover o entendemento e desenvolvemento dos vínculos de amizade entre os Pobos galego e saharai, auspiciar iniciativas que favorezan o intercambio cultural, social, económico e político e propiciar e desenvolver proxectos de asistencia humanitaria e programas de cooperación co pobo saharai.



## Concello de Vigo

II.- Que esta Asociación ven desenvolvendo co Concello de Vigo desde hai anos un importante labor coa realización do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz”, que posibilita o desprazamento de nenos e nenas saharauis desde os campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria) ata a nosa cidade para seren acollidos por parte de familias viguesas durante os meses de xullo e agosto.

Facilitarlles asistencia médica e alimentación, evitar a súa estancia nos campamentos durante eses meses de verán nos que se acadan temperaturas de máis de 50°C no deserto, ofertarlles unha alternativa de lecer e tempo libre así como sensibilizar sobre a situación do Pobo saharai son algúns dos obxectivos que se pretenden con esta iniciativa.

A Asociación «SOGAPS» conta co recoñecemento do goberno saharai para a realización deste proxecto, sendo a única asociación autorizada para levalo a cabo en Galicia.

III.- Que o Concello de Vigo, tendo en conta as razóns de tipo humanitario e solidario implícitas neste proxecto de acollemento familiar temporal, xustifica e considera conveniente a concesión da subvención prevista nos seus orzamentos.

IV.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL ).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

V.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe competencias ós concellos nesta materia e prescribese que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante o outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns xustificadas de interese público poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

VI.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 22.2 e 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 19.4 e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, en tanto que destinada a cofinanciar os gastos derivados dos desprazamentos de menores refuxiados do Sáhara occidental, nenos e nenas, nados no exilio, que sobreviven nunhas condicións de vida moi difíciles, con grandes carencias sanitarias e alimenticias, nun contorno de conflito armado e que precisan da axuda externa para sobrevivir.

VII.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social e humanitario que para o Concello de Vigo representa a actividade da Asociación «SOGAPS», as partes intervintes conclúen este Convenio a fin de regular os termos da concesión da precitada subvención de acordo coas seguintes,

### ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos Orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Asociación Solidariedade galega co Pobo Saharai (SOGAPS)» para o desenvolvemento do proxecto de acollemento familiar temporal denominado “Vacacións en Paz“, que consiste no traslado a Vigo de nenos e nenas saharais procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria) para pasar dous meses de verán acollidos por familias viguesas. O número total de nenos/as beneficiarios/as estará en función do custo do traslado e da cantidade subvencionada.

SEGUNDA.- Para estes efectos, a Asociación «SOGAPS» comprométese a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo nese traslado dos menores saharais desde Alxeria ata Vigo para pasar o verán acollidos en familias da nosa cidade e, especificamente:

- A buscar e seleccionar ás posibles familias acolledoras.
- A asignar ós menores ás familias seleccionadas, así como a solicitarlles a documentación esixida tanto pola Subdirección do Menor da Xunta de Galicia como pola Subdelegación do Goberno. A Asociación comprométese tamén a facilitarlle ó Concello de Vigo o nome, enderezo e teléfono de contacto das familias acolledoras.
- A facer un exhaustivo seguimento do traslado dos menores desde Alxeria á nosa cidade, conxuntamente coa Delegación saharai para Galicia.



## Concello de Vigo

- A asegurarse de que as familias realizan as correspondentes revisións pediátricas ós menores por mor do convenio asinado coa Consellería de Sanidade e seguindo os criterios e parámetros marcados pola comisión médica da Asociación «SOGAPS».
- A dispor o necesario para subscribir as pólizas de seguros que garantan a cobertura de todos os aspectos da actividade.
- A cumprir, en xeral, coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A someterse ás actuacións de comprobación que estime oportuno efectuar a entidade concedente, cumprindo todas as obrigas en canto á presentación da Memoria, xustificación dos gastos e cumprimento de obxectivos.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Asociación «SOGAPS» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 70.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 280.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.11 – *Convenio saharauis*. As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

CUARTA.- Tendo en conta as características humanitarias do proxecto, enmarcable nas axudas de cooperación ó desenvolvemento, e as necesidades específicas da entidade promotora para levalo a cabo, obrigada a efectuar con antelación o pagamento dos billetes de avión dos/as nenos/as ás liñas aéreas alxerianas, realizarase un pagamento anticipado polo 100% do importe concedido, que se xustifica legalmente na necesidade de acadar unha maior eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos destinados á cooperación para o desenvolvemento, tal como se indica na Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da L.9/2007 (LSG), que permite arbitrar nas bases reguladoras da subvención *“sistemas específicos de pagamentos anticipados de ata o 100% da subvención concedida”*.

De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei xeral de subvencións e a propia Disposición adicional 2ª, apdo. 2, da LSG, non será esixible a constitución de garantías.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a vixencia do Convenio.

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- No prazo de dous (2) meses desde o remate da actividade subvencionada e, en todo caso, antes do 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a beneficiaria comprométese a presentar a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e, de ser o caso, o importe, procedencia e aplicación doutras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

Así mesmo, deberá presentar unha Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e unha declaración responsable do perceptor acreditativa dos seguintes extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



## Concello de Vigo

NOVENA.- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicita a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*stampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do Programa emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos

casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa desta, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, pero que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO CUARTA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO QUINTA.- Calquera alteración do contido deste Convenio previsará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO SEXTA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccdtes.).

DÉCIMO SÉTIMA.- Como mecanismo de coordinación e solución de posibles controversias na súa aplicación, constituirase unha Comisión mixta de Seguimento do Convenio que estará composta por dous representantes da Asociación «SOGAPS» e dous representantes municipais e presidida pola Concelleira da Área de Política de Benestar Social.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- Para o caso de que a entidade beneficiaria da subvención realice algún tipo de actividade publicitaria ou de difusión do proxecto subvencionado, deberá dar a axeitada publicidade ó financiamento municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social.

VISÉXIMA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.





## Concello de Vigo

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

VISÉXIMO PRIMEIRA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións (PES) e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración Municipal, dou fe.

### **5(338).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022. EXPTE. 21196/333.**

Visto o informe xurídico do 20/04/2022 e o informe de fiscalización do 04/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 30/03/2022, asinado polo adxunto á Xefatura de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890016 a favor da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2021-2022.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. conta cun equipo de elite na modalidade de fútbol sala feminino na categoría segunda (División Nacional Femenina Fútbol Sala). A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría segunda hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2021-2022, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.



## Concello de Vigo

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e

beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria 3410.4890016 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. durante a tempada deportiva 2021-2022 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2021-2022 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 € a favor da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. co CIF: G36886422 e enderezo social en alameda Torreiro, 1 (36214), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21196-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890016 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO**



## Concello de Vigo

### PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022 (EXPTE. 21196/333).

#### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Manuel Martínez Caride como presidente da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. CIF: G36886422 e enderezo social en alameda Torreiro, 1 (36214), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21196/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

#### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. durante a tempada 2021-2022. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría segunda (División Nacional Femenina Fútbol Sala), desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2021-2022.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do fútbol sala feminino en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890016 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S..

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. na tempada deportiva 2021-2022.

**VI.-** Que a entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21196-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolvidos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...



## Concello de Vigo

- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de fútbol sala feminino na tempada 2021-2022.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB DEPORTIVO MOSTEIRO BEMBRIVE F.S. unha subvención por importe de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890016 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2021-2022 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.





## Concello de Vigo

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos

poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2021-2022. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.



## Concello de Vigo

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades

asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**6(339).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE ATLETISMO FEMININO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022. EXPTE. 21197/333.**

Visto o informe xurídico do 20/04/2022 e o informe de fiscalización do 04/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 01/04/2022, asinado polo adxunto á Xefatura de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na



## Concello de Vigo

partida orzamentaria 3410.4890003 a favor da entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2021-2022.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA conta cun equipo de elite na modalidade de atletismo na categoría segunda (Liga Nacional de Clubs de segunda División Femenina). A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría segunda hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2021-2022, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e



## Concello de Vigo

axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria 3410.4890003 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA durante a tempada deportiva 2021-2022 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2021-2022 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 € a favor da entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA co CIF: G36927689 e enderezo social en Pintor Colmeiro 10, 1ºB (36210), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21197-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890003 do vixente orzamento.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022 (EXPTE. 21197/333).

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D<sup>a</sup>. Paula Mariño Gonda como presidente da entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA CIF: G36927689 e enderezo social en Pintor Colmeiro 10, 1ºB (36210), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21197/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA durante a tempada 2021-2022. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría segunda (Liga Nacional de Clubs de segunda División Femenina), desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2021-2022.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do atletismo en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:





## Concello de Vigo

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

**IV.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890003 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA.

**V.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA na tempada deportiva 2021-2022.

**VI.-** Que a entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21197-333.

**VII.-** Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### PACTOS

**Primeiro.-** A entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltoos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.

- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de atletismo na tempada 2021-2022.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.



## Concello de Vigo

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB ATLETISMO FEMININO CELTA unha subvención por importe de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890003 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2021-2022 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si



## Concello de Vigo

os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2021-2022. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os



## Concello de Vigo

efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
  - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
  - b) O acordo unánime dos asinantes.
  - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
  - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
  - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**7(340).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE REAL CLUB CELTA ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022. EXPTE. 21198/333.**

Visto o informe xurídico do 20/04/2022 e o informe de fiscalización do 04/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 01/04/2022, asinado polo adxunto á Xefatura de

Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 20.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890004 a favor da entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2021-2022.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva REAL CLUB CELTA ATLETISMO conta cun equipo de elite na modalidade de atletismo na categoría segunda (Liga Nacional de Clubes de Primera División Masculina). A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría segunda hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2021-2022, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da





## Concello de Vigo

poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022 na partida orzamentaria 3410.4890004 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO durante a tempada deportiva 2021-2022 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2022.

A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO:** Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva REAL CLUB CELTA ATLETISMO para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2021-2022 e aprobar o texto do convenio que a regula.

**SEGUNDO:** Autorizar e dispoñer o gasto de 20.000,00 € a favor da entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO co CIF: G36945319 e enderezo social en Avda Portanet 8, 9ºB (36210), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21198-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890004 do vixente orzamento.



## Concello de Vigo

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE REAL CLUB CELTA ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2021-2022 (EXPT. 21198/333).

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Jose Ángel Serantes Arias como presidente da entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO CIF: G36945319 e enderezo social en Avda Portanet 8, 9ºB (36210), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 21198/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO durante a tempada 2021-2022. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría segunda (Liga Nacional de Clubes de Primeira División Masculina), desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2021-2022.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do atletismo en

etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000,00 €, a favor da entidade deportiva REAL CLUB CELTA ATLETISMO.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO na tempada deportiva 2021-2022.

VI.- Que a entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 21198-333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o REAL CLUB CELTA ATLETISMO conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:



## Concello de Vigo

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvoltos dende este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.
- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de atletismo na tempada 2021-2022.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade REAL CLUB CELTA ATLETISMO unha subvención por importe de 20.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890004 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadjuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2021-2022. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á sinatura do convenio mediante transferencia bancaria ó número de conta facilitado pola entidade beneficiaria.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2021-2022 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



## Concello de Vigo

**Cuarto.-** De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.-** A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

**Sexto.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

**Sétimo.-** A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2022 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos

xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

**Oitavo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Noveno.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2021-2022. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

**Décimo.-** A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo primeiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.





## Concello de Vigo

**Décimo segundo.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

**Décimo terceiro.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

**Décimo cuarto.-** A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2022 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

**Décimo sexto-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

**Décimo sétimo-** Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os

efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**Décimo oitava.-** O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

**Décimo novena.-** En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

**Vixésima.-** En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

**Vixésima segunda.-** En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

2. Son causas de resolución do Convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
- b) O acordo unánime dos asinantes.
- c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
- e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

**8(341).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDIMIENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA, DO SERVIZO DE LIMPEZA BÁSICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. EXPTE. 4942/611.**



## Concello de Vigo

Visto o informe xurídico do 05/05/2022 e o informe de fiscalización do 09/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 07/04/2022, asinado polo adxunto á Xefatura de Deportes, o xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

### **Antecedentes:**

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, o 9 de febreiro de 2022
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 13 de xaneiro de 2022
- Memoria económica de data 9 de marzo correxida o 31 de marzo de 2022, relativa aos seguintes extremos:
  - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base os custos que ten actualmente o propio servizo de deportes nos contratos para o desenvolvemento do servizo.
  - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
  - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Retencións de crédito de data 1 de abril de 2022 (operación nº 202200029205).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 14 de marzo de 2022 correxido con data 4 de abril de 2022.
- Memoria xustificativa, de data 15 de marzo de 2022, correxida con data 4 de abril relativa aos seguintes extremos:
  - A xustificación do procedemento elixido rexerese polo disposto no artigo 159 .6.da LCSP que regula o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

- Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
- Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- Xustificación da solvencia esixida aos licitadores.
- Lugar de entrega do obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 5 de abril do 2022.
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 5 de abril de 2022.

### **Fundamentos de dereito**

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro-delegado de Deportes mediante resolución de 09 de febreiro de 2022 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviado(art. 159.6 LCSP) ao esta en tramitación o expedt. 4792-611 aberto ordinario.

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).



## Concello de Vigo

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Sétimo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

**Oitavo.-** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

**Noveno.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada DO SERVIZO DE LIMPEZA BÁSICO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DA CONCELLARÍA DE DEPORTES, VESTIARIOS, SERVIZOS HIXIÉNICOS E OUTROS ESPAZOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS.

**Segundo:** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 4 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 5 de abril de 2022.

**Terceiro:** Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **72.570,00 euros con iva, sendo o IVE 12.594,79 euros**, e co seguinte distribución de anualidades.

### DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA

DATAS	IMPORTE CON IVE	APLICACION ORZAMENTARIA
01/06/2022-15/09/2022	72.570,00 €	3420.2270000

O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420.2270000“ limpeza” e bolsa de vinculación.

**Cuarto:** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(342).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA RENDICIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS DE FONDOS A XUSTIFICAR. ANO 2022 (1ª). EXPTE. 102891/140.**

Visto o informe de fiscalización do 02/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 04/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, o interventor xeral municipal e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2022.

En relación á/s contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:



## Concello de Vigo

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación or- zamentaria</i>	<i>Importe li- brado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de paga- mento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reinte- gro</i>	<i>S/a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	202200004019	9120.2310000	500,00	501,55	11/01/22	30/03/22	11/04/22	0,00	1,55
Abalde Comesaña Raquel	202200004021	9120.2200100	1.200,00	1.192,40	11/01/22	31/03/22	11/04/22	7,60	0,00
Álvarez Vázquez Daniel	202200020153	2310.4800011	200,00	200,00	10/03/22	21/03/22	10/06/22	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202200004659	2311.4800000	4.500,00	2.430,00	12/01/22	07/04/22	12/04/22	2.070,00	0,00
García Álvarez Luis	202200011391	9201.2260300	3.000,00	0,00	15/02/22	06/04/22	15/05/22	3.000,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004651	1320.2260100	300,00	137,01	12/01/22	29/03/22	12/04/22	162,99	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004652	1320.2312000	200,00	44,50	12/01/22	29/03/22	12/04/22	155,50	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004653	1320.2120000	1.000,00	20,00	12/01/22	04/04/22	12/04/22	980,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004654	1320.2140000	1.000,00	0,00	12/01/22	29/03/22	12/04/22	1.000,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004655	1320.2190000	1.000,00	0,00	12/01/22	29/03/22	12/04/22	1.000,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004656	1320.2219900	1.000,00	469,68	12/01/22	01/04/22	12/04/22	530,32	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004657	1320.2269900	1.000,00	6,70	12/01/22	01/04/22	12/04/22	993,30	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004658	1320.2200000	200,00	146,14	12/01/22	01/04/22	12/04/22	53,86	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200008519	1320.2250200	2.000,00	0,00	27/01/22	19/04/22	27/04/22	2.000,00	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202200004018	2310.4800000	200.000,00	183.004,10	11/01/22	28/04/22	11/04/22	16.995,90	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202200012844	2310.4810000	272.500,00	272.404,60	17/02/22	01/03/22	17/05/22	95,40	0,00
Núñez-Torrón López Jesús	202200012996	2310.4800011	700,00	700,00	18/02/22	09/03/22	18/05/22	0,00	0,00
Vivero Mijares Anto- nio	202100136016	4310.2269901	15.960,00	14.105,00	21/12/21	23/02/22	31/12/21	1.855,00	0,00
<b>TOTAL</b>			506.260,00	475.361,68				30.899,87	1,55

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

Alcance da fiscalización	Si	Non
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 202200004018 de Núñez-Torrón López Jesús e 202100136016 de Vivero Mijares Antonio.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranter.	✓	

Resultado da fiscalización:

De conformidade	Con observacións	De disconformidade
	As ordes de pago a xustificar n.º 202200004018 de Núñez-Torrón López Jesús e 202100136016 de Vivero Mijares Antonio.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

### PROPOSTA

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, proponse a aprobación das seguintes:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Reintegro	S/ a favor
Abalde Comesaña Raquel	202200004019	9120.2310000	500,00	501,55	11/01/22	30/03/22	11/04/22	0,00	1,55
Abalde Comesaña Raquel	202200004021	9120.2200100	1.200,00	1.192,40	11/01/22	31/03/22	11/04/22	7,60	0,00
Álvarez Vázquez Daniel	202200020153	2310.4800011	200,00	200,00	10/03/22	21/03/22	10/06/22	0,00	0,00
García Álvarez Luis	202200004659	2311.4800000	4.500,00	2.430,00	12/01/22	07/04/22	12/04/22	2.070,00	0,00
García Álvarez Luis	202200011391	9201.2260300	3.000,00	0,00	15/02/22	06/04/22	15/05/22	3.000,00	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004651	1320.2260100	300,00	137,01	12/01/22	29/03/22	12/04/22	162,99	0,00
Martínez Muñoz Francisco	202200004652	1320.2312000	200,00	44,50	12/01/22	29/03/22	12/04/22	155,50	0,00





## Concello de Vigo

Martínez Francisco	Muñoz	202200004653	1320.2120000	1.000,00	20,00	12/01/22	04/04/22	12/04/22	980,00	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200004654	1320.2140000	1.000,00	0,00	12/01/22	29/03/22	12/04/22	1.000,00	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200004655	1320.2190000	1.000,00	0,00	12/01/22	29/03/22	12/04/22	1.000,00	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200004656	1320.2219900	1.000,00	469,68	12/01/22	01/04/22	12/04/22	530,32	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200004657	1320.2269900	1.000,00	6,70	12/01/22	01/04/22	12/04/22	993,30	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200004658	1320.2200000	200,00	146,14	12/01/22	01/04/22	12/04/22	53,86	0,00
Martínez Francisco	Muñoz	202200008519	1320.2250200	2.000,00	0,00	27/01/22	19/04/22	27/04/22	2.000,00	0,00
Núñez-Torrón Jesús	López	202200004018	2310.4800000	200.000,00	183.004,10	11/01/22	28/04/22	11/04/22	16.995,90	0,00
Núñez-Torrón Jesús	López	202200012844	2310.4810000	272.500,00	272.404,60	17/02/22	01/03/22	17/05/22	95,40	0,00
Núñez-Torrón Jesús	López	202200012996	2310.4800011	700,00	700,00	18/02/22	09/03/22	18/05/22	0,00	0,00
Vivero Mijares Antonio		202100136016	4310.2269901	15.960,00	14.105,00	21/12/21	23/02/22	31/12/21	1.855,00	0,00
<b>TOTAL</b>				506.260,00	475.361,68				30.899,87	1,55

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(343).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, REPARACIÓNS, E SUBMINISTRO DOS REPOSTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS DOS VEHÍCULOS TIPO C1 DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 15161/445.**

Visto o informe xurídico do 03/05/2022 e o informe de fiscalización do 04/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 02/05/2022, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria na sesión ordinaria do 15 de marzo de 2018, acordou Adxudicar a TALLERES FONTÁN, S.L. o lote 1 "turismos e furgonetas" do procedemento aberto para a contratación do Servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios -Lote 1 (Expte.: 12.659-445).

Dito contrato foi formalizado en data 27.04.2018, contemplando un prazo de duración de dous anos.

**II.-** En datas 23 de abril de 2020 e 22 de abril de 2021, a Xunta de Goberno Local aprobou sendas prórrogas do contrato do Servizo de reparacións da flota de vehículos do Concello de Vigo, incluído o subministro dos repostos necesarios -Lote 1 , por prazo dun ano cada unha delas, en favor da empresa TALLERES FONTAN, S.L.

**III.-** O referido contrato atópase actualmente en vigor, rematando o vindeiro 27 de abril de 2022, motivo polo cal resulta necesario proceder á preparación da contratación do novo Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo.

**IV .-**Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse por medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato a realización do servizo de mantemento e reparacións dos vehículos do parque automobilístico municipal, incluíndo o subministro dos repostos, pezas e demais elementos necesarios para a realización de ditas reparacións e mantemento dos mesmos.

**V.-** En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019), acordou o inicio da contratación mediante Decreto de datas 13 e 14 de xaneiro de 2022.

**VI.-** No expediente inclúese a seguinte documentación:

a).- Informe de necesidade e idoneidade da contratación asinado en datas 13 de xaneiro de 2022 pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos, e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da área de Fomento.

b).- Decreto do Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, datas 13 e 14 de xaneiro de 2022. acordando o inicio do expediente de contratación.

c).- Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 16 de marzo de 2022.

d).- Memoria xustificativa para a elaboración do PCAP, en cumprimento do artigo 116.4.e) LCSP asinada pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos, e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento; e conformada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en datas 15 e 16 de marzo de 2022.

e).- Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral de data 23 de marzo de 2022.

f).-Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 25 de abril de 2022.



## Concello de Vigo

g).- Corrección do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 29 de abril de 2022.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

**Terceiro.-** De conformidade co artigo 116 LCSP, o contrato foi iniciado polo órgano de contratación motivando a necesidade segundo o establecido no artigo 28 do texto legal.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a súa división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); a elección do procedemento aberto segundo o establecido no artigo 156 LCSP e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP), así como o seu carácter de contrato suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 22 LCSP.

**Quinto.-** Consta na memoria xustificativa da contratación elaborada polo servizo xestor a xustificación dos requisitos esixidos no artigo 7.3 da L.O. 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do Concello.

**Sexto.-** É preceptiva a previa aprobación do expediente o informe da titular da asesoría xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP e Disposición Adicional 8ª.e) da Lei 7/85 de 2 abril de Bases de Réxime Local; así como a incorporación do certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP).

**Sétimo.-** A aprobación do expediente de contratación de conformidade coa Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP, correspóndelle á Xunta de Goberno Local nos Municipios de Gran Poboación na súa calidade de órgano de contratación.

Polo exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica, documento contable e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do “**Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo**”.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 16 de marzo de 2022.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 29 de abril de 2022.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “**DOUSCENTOS CORENTA MIL CINCOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS**” (240.544,86 €), sendo a partida correspondente ao IVE de 41.747,46 €.

Por ter o financiamento carácter de gasto plurianual aplicarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución por anualidades:

	2022	2023	2024
214.00.00	34.867,25 €	59.772,43 €	24.905,18 €
221.11.00	35.291,67 €	60.500,00 €	25.208,33 €
<b>TOTAL</b>	<b>70.158,92 €</b>	<b>120.272,43 €</b>	<b>50.113,51 €</b>

**Quinto.-** Abrir o procedemento de adjudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**11(344).- AUTORIZACIÓN ADICIONAL DE GASTO PARA A “CONTINUIDADE DA PRESTACIÓN DO SUBMINISTRO, EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO (RENTING), DE VEHÍCULOS PARA A POLICÍA LOCAL DURANTE O PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE 01 DE MARZO DE 2022 E O 31 DE MAIO DE 2022”. EXPTE. 43577/212.**

Visto o informe de fiscalización do 03/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 02/05/2022, asinado polo xefe de Área de Seguridade e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 12 de agosto de 2021**, adoptou o seguinte acordo ( EXPTE. 43577/212):



## Concello de Vigo

*“1º.- A continuidade da prestación do subministro en réxime de arrendamento (renting) de vehículos para a Policía Local (expediente 43.577-212) nas mesmas condicións ata a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato (68.047-212) segundo as previsións do prego de cláusulas administrativas particulares e a oferta do adxudicatario por un período mínimo de 2 meses (desde o 15 de agosto ata a efectiva entrega dos vehículos do novo contrato adxudicado no expediente 68.047-212).*

*2º.- Aprobar e dispoñer un gasto de 42.599,89 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.393,37 €, correspondente ao período de 2 meses (desde o 15 de agosto ata o 16 de outubro de 2021), a favor da mercantil BANCO SANTANDER, S.A., con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local) e o seu nivel de vinculación xurídica.”*

Segundo .- O 30 de setembro de 2021 o adxudicatario do novo contrato renting (expte. 68047/212), RODOSA, S.L., con invocación do art. 195.2 da Lei de Contratos por razón da crise da industria da automoción, solicitou a través do Rexistro Xeral ampliación do prazo de entrega de todos os vehículos.

Terceiro.- O 13 de outubro de 2021 iniciouse expediente relativo á solicitude de ampliación do prazo e demais particulares derivados da execución do contrato, tramitado co número 78017-212 e declarado de urxencia pola concorrencia da continuación extraordinaria do contrato renting precedente.

Cuarto.- O 14 de outubro notificouse a RODOSA, S.A., a apertura dun período de proba de 5 días hábiles para aportar ao expediente cantas xustificacións documentais se teñan en relación á causa invocada.

Quinto.- O 22 de decembro de 2021 Talleres Rodosa, S.L. presenta escrito a través do Rexistro Xeral indicando o estado do avance na execución do contrato, aportando as seguintes datas de entrega dos vehículos (doc. 210293639):

- Clase I: As oito unidades de turismos sen kit de detidos prevese a súa entrega nos vindeiros días.
- Clase II: A entrega dos catro vehículos está prevista para o vindeiro mes de xaneiro, toda vez que está pendente a recepción dos kits de detidos para a instalación nos mesmos.
- Clase III: A data prevista para a súa entrega sería non máis tarde do vindeiro 28 de febreiro de 2022 (os dous furgóns destinados ao servizo de atestados atópanse fabricados e en tránsito a España).
- Clase IV: O furgón de seguridade cidadá está en proceso de transformación con entrega programada do mes de xaneiro de 2022.
- Clase V: Os dous SUV foron recepcionados nas instalacións do adxudicatario. Nas vindeiras datas iniciárase o proceso de transformación.

Sexto.- O vehículo con matrícula 2138 JTJ (da clase II) do contrato renting cuxa continuidade foi obxecto do Acordo citado no antecedente primeiro, sufriu un accidente o 07 de setembro de 2021, e segundo a pericial practicada o valor de reparación excede notoriamente o valor venal e de afección, polo que non está dispoñible para o servizo.

Sétimo.- O 19 de xaneiro de 2022 Talleres Rodosa, S.L., comunica a través do Rexistro Xeral a posta a disposición do Concello dos 8 vehículos da clase I (patrulleiros sen kit de detidos), dos 17 que en total forman parte do obxecto do contrato (expte. 68047/212). A efectiva posta a disposición xurde efectos desde as 00:00 horas do día 21 de xaneiro de 2022.

Oitavo.- O 14 de febreiro de 2022 Talleres Rodosa, S.L. comunica a posta a disposición do Concello dos 2 vehículos da clase V (todoterreo), con efectos desde as 00:00 horas do 15 de xaneiro de 2022.

Noveno.- O 7 de abril de 2022, a Xefatura da Área de Seguridade da o visto e prace ao prototipo do vehículo da clase II (con transformación kit detidos), informando a mercantil Rodosa a entrega de dúas unidades dos citados vehículos durante o mes de abril de 2022, ao igual que o furgón da clase IV (seguridade cidadá).

Durante o transcurso do vindeiro mes de maio prevese a entrega do resto dos vehículos (2 da clase II - con kit detidos – e 2 da clase III – furgóns atestados -).

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O Acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de agosto de 2021 contempla unha prórroga que remata coa entrega dos vehículos do novo contrato, o que non ten acontecido na totalidade das clases de vehículos que compoñen o contrato no día da data.

Segundo.- O Acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de outubro contempla a autorización de gasto adicional ata o 31 de decembro de 2021.

Terceiro.- O Acordo da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de 30 de decembro de 2021 contempla a autorización adicional de gasto para a continuidade da prestación do subministro en réxime de arrendamento (renting) de vehículos para a Policía Local durante o periodo comprendido entre o 01 de xaneiro de 2022 e o 28 de febreiro de 2022,

A data de hoxe, resulta indispensable ampliar a autorización do gasto ata a efectiva entrega dos novos vehículos, cunha previsión máxima de 31 de maio de 2022, nos seguintes termos:

<i>Tipo Veh.</i>	<i>N.º Veh.</i>	<i>PREZO veh./día con IVE</i>	<i>PREZO (90 días con IVE;mes de 30 días)</i>
<i>CLASE II</i>	<i>3</i>	<i>39,70</i>	<i>10.719,00</i>
<i>CLASE III</i>	<i>1</i>	<i>60,74</i>	<i>5.466,60</i>
<i>CLASE IV</i>	<i>2</i>	<i>46,57</i>	<i>8.382,60</i>



## Concello de Vigo

<i>Tipo Veh.</i>	<i>N.º Veh.</i>	<i>PREZO veh./día con IVE</i>	<i>PREZO (90 días con IVE;mes de 30 días)</i>
	<b>6</b>		<b>24.568,20</b>

En mérito de canto antecede, previo informe da Intervención Xeral vense en propoñer á Concelleira delegada de Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

### ACORDO

1º Aprobar e dispoñer no expediente 43577/212 un gasto adicional por importe de 24.568,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.263,90 €, con cargo ao exercizo orzamentario de 2022, correspondente ao período comprendido entre o 01 de marzo de 2022 e o 31 de maio de 2022 a favor da mercantil BANCO SANTANDER, S.A., con cargo á aplicación orzamentaria 1320.2040000 (renting vehículos da Policía Local) e o seu nivel de vinculación xurídica.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(345).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA DE 3 TÉCNICOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL (RAMA XURÍDICA) OEP 2017-18-19 - 2ª FASE QUENDA LIBRE, E CREACIÓN DE LISTA DE RESERVA. EXPTE. 39730/220**

Visto o informe de fiscalización do 02/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 22/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes :**

**1.-** En sesión de data 05/04/2022, segundo consta en acta, o órgano de selección designado para o proceso selectivo tendente á provisión de 3 prazas de Técnico/a de administración xeral (rama xurídica), como persoal funcionario de carreira, subgrupo A1 de titulación (Quenda libre) incluída na Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (2ª fase), acordou propoñer ao órgano competente o nomeamento como funcionario/a de carreira á aspirante que superou a totalidade dos exercicios do proceso selectivo, acadando a máxima puntuación segundo a táboa seguinte:

<b>APELIDOS</b>	<b>NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
Sotelo Gallego	M. D.	***4528**	29,075
Vituro Gómez	M.	***9243**	26,150
Ares Salgado	E.	***5663**	25,787

2.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 07/04/2022.

3.- As persoas aspirantes propostas presentaron a documentación esixida, que cumpre coa prevista nas devanditas bases, segundo informe de verificación administrativa obrante no expediente

4.- Segundo consta no informe técnico de data de sinatura electrónica obrante no expediente (trámite 22), non hai persoal interino con cargo a praza vacante na categoría de técnico/a de administración xeral.

5.- Consta na acta do órgano de selección, proposta das persoas aspirantes que superaron todas as probas pero que non obtiveron praza pasen a formar parte dunha LISTA DE RESERVA, ordeada en función das respectivas puntuacións obtidas, para os efectos de poder seren eventualmente nomeadas como persoal interino, de acordo cos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das OEP e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo.

## **II.- Motivación xurídica: marco normativo de acceso ao emprego público e aspectos relacionados**

### **a) Normativa de aplicación**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*





## Concello de Vigo

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."*

### **b) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.**

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que *"son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente"*, establecendo que *"en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Estado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca."*

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

- a) Superación del proceso selectivo.
- b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.
- c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.
- d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase expresamente nas bases xerais rectoras dos procesos selectivos para a provisión das prazas incluídas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019, dispoñibles para pública consulta na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e nos diarios e boletíns oficiais de publicación.

### **III.- Sobre a posibilidade de conformación de listas de reserva**

A posibilidade de integración das persoas aspirantes que tendo superado a totalidade dos exercicios do proceso selectivo non tivesen obtido praza contéplase expresamente no apartado de “Outras disposicións comúns” das bases da convocatoria, indicando que *“as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación”*.

Tendo sido realizada polo órgano de selección proposta de aspirantes aprobados, ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente-.

Debe considerarse que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 16 de xullo de 2021, adoptou acordo de aprobación dos “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo”, publicados no BOP nº 151, de 09/08/2021, no que se establece, entre outros, que:

*“Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.*



## Concello de Vigo

*As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.*

*As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.”*

### **IV.- Observacións respecto da xornada e horario.**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes, debendo considerar as peculiaridades que na prestación do servizo se deriven en cada caso.

### **V.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

— “1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

### **VI.- Órgano municipal competente.**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora

das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

#### VII.- PROPOSTA DE ACORDO:

**"PRIMEIRO.-** Nomear como persoal funcionario de carreira, con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2017, 2018, 2019 (2ª fase) de Técnico/a de Administración Xeral (rama xurídica), pola quenda libre, aos aspirantes que superaron a totalidade dos exercicios do proceso selectivo, acadando a máxima puntuación:

APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
Sotelo Gallego	M. D.	***4528**	29,075
Vituro Gómez	M.	***9243**	26,150
Ares Salgado	E.	***5663**	25,787

**SEGUNDO.-** Dispoñer que as persoas nomeadas deberán tomar posesión como funcionarias de carreira na dita praza no prazo de 1 mes contado a partir da publicación do nomeamento no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co previsto nas bases xerais reitoras da convocatoria.

**TERCEIRO.-** Notificar o presente acordo ás persoas interesadas, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

**CUARTO.-** Aprobar a bolsa de emprego de Técnico/a de Administración Xeral (rama xurídica), que inclúe ás persoas aspirante en condición de ser nomeadas funcionarias interinas, segundo o previsto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do TREBEP e nos termos da proposta contida na acta do Órgano de Selección que forma parte inseparable do citado acordo, e táboa seguinte:

#### LISTA DE RESERVA (TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL- RAMA XURÍDICA – A1)

	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓNS TOTAIS
34	PÉREZ LORENZO	N.	***3764**	25,375
46	UGARTE ALONSO	B.	***3962**	23,325
21	FREIRE QUINTAS	M.	***9105**	22,750
30	MARTÍNEZ MARTÍNEZ	E.	***5395**	20,887
5	CAMPOS BESTILLEIRO	M. M.	***3445**	18,462



## Concello de Vigo

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(346).- NOMEAMENTO INTERINO DE DÚAS ADMINISTRATIVAS CON CARGO A VACANTES PARA A ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN. EXPTE. 39692/220.**

Visto o informe de fiscalización do 04/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 28/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**1.-** En data 08/03/2022 pola Xefatura da Área de RRHH e Formación, se emite informe de necesidades de efectivos na Área, solicitando entre outras a cobertura das vacantes existentes na Área da categoría profesional de administrativo de administración xeral.

**2.-** En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista da solicitude, a dilixencia de constancia da xefatura da Área de RRHH e Formación, e visto o informe xeral asinado pola técnica de administración xeral, ambos obrantes no expediente; procedeu a ordenar que pola área de RRHH e Formación se proceda á “ *tramitación do expediente administrativo que proceda para a cobertura interina de dúas prazas vacantes de administrativo/a de administración xeral existentes na dita Área (unha con cargo a Oferta de Emprego de 2017, e outra derivada da vacante producida con posterioridade á aprobación da Oferta de Emprego de 2021).*”.

**3.-** Consta anexado ao expediente informe técnico (trámite 65 do expediente) *segundo o cal “o custo de 2 administrativos interinos con cargo a vacante para os sete meses que restan de ano é de retribucións fixas: 33.397,91 € (salario base, complemento de destino e específico con cargo as partidas 92010200300, 92011210003 e 92011210103) e o custo de seguridade social 10.712,38 € con cargo a partida 92011600000.*”

**4.-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### **I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a*



## Concello de Vigo

*la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

### **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

***No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***

***Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”***

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademáis delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analogía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo de administrativo/a de administración xeral.

En relación a existencia de prazas vacantes, consta na dilixencia de constancia emitida en data de sinatura electrónica pola xefatura da Área de RRHH e Formación, na dita área consta entre outras dúas prazas vacantes de administrativo/a de administración xeral, subgrupo C1, escala de Administración xeral, orzamentariamente dotadas.

Consta igualmente informe xeral da técnico asinante de este informe segundo o cal consta renuncia de funcionario nomeado interinamente con cargo á vacante de Administrativo/a de Administración Xeral (incluída na OEP 2017), con efectos do día 31 de marzo de 2022 (Expte.- 39657/220), e consta xubilación producida con posterioridade á aprobación da OEP 2021, con data de efectos 02/04/2022 (expte 39110-220).

O artigo 128.2 do Real Decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local dispón que: *“No podrá nombrarse personal interino para plazas que no se hayan incluido en la oferta de empleo público, salvo cuando se trate de vacantes realmente producidas con posterioridad a su aprobación. El personal que ostentare la condición de interino cesará automáticamente al tomar posesión como funcionarios de carrera los aspirantes aprobados en la respectiva convocatoria. Sólo podrá procederse al nombramiento del nuevo personal interino para las plazas que continúen vacantes una vez concluidos los correspondientes procesos selectivos.”*

Polo tanto figuran vacantes e dotados orzamentariamente 2 postos de administrativo/a, en situación de ser cubertos interinamente. Un con cargo a OEP 2017, e outro de eles en base ao establecido no artigo 128.2 do TRRL e no artigo 10.4 do TREBEP, con cargo a vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2022, pendente de aprobación e, na que inexcusablemente deberán incorporarse unha das prazas de Administrativo/a de Administración Xeral, salvo que proceda a súa amortización.

Asimesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou





## Concello de Vigo

unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### **V. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

*“O custo de 2 administrativos interinos con cargo a vacante para os sete meses que restan de ano é de retribucións fixas: 33.397,91 € (salario base, complemento de destino e específico con cargo as partidas 92010200300, 92011210003 e 92011210103) e o custo de seguridade social 10.712,38 € con cargo a partida 92011600000.*

Efectuándose unha remisión expresa ao contido do informe técnico referenciado, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

### **VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 24 do expediente) consta que:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Administrativo/a de administración xeral, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.
- Que salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Administrativo/a con cargo a praza vacante, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, ás seguintes candidatas:

• NÚM. ORDE	• DNI**	• NOME E APELIDOS
• 1	• ***0155**	• B.M. Caride Nimes
• 2	• ***2375**	• B. Lijó Rodríguez

Os/as aspirante interesado/a e dispoñible aceptaron expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

#### **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*



## Concello de Vigo

*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

### VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

### IX.- PROPOSTA DE ACORDO

**“PRIMEIRO:** *Declarar a urxencia no nomeamento de 2 funcionarios interinos nos termos e condicións seguintes:*

- *Categoría profesional: Administrativo/a de administración xeral*
- *Modalidade legal: funcionario interino para cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP). Unha praza con cargo a OEP 2017, outra con cargo a vindeira oferta de emprego correspondente ao ano 2022 (128.2 do TRRL), na que inexcusamente deberá incorporarse unha praza de Administrativo/a de Administración Xeral, salvo que proceda a súa amortización.*
- *Destino: Área de RRHH e Formación*
- *Período temporal: ata a provisión definitiva das prazas e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.*
- *Custe económico: 33.397,91 € (salario base, complemento de destino e específico con cargo as partidas 92010200300, 92011210003 e 92011210103) e o custo de seguridade social 10.712,38 € con cargo a partida 92011600000.*

*Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.*

**SEGUNDO:** *Nomear como funcionarios/as interinos/as con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva da praza co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo:*

• NÚM. ORDE	• DNI**	• NOME E APELIDOS
----------------	---------	-------------------

• 1	• ***0155**	• B.M. Caride Nimes (OEP 2022)
• 2	• ***2375**	• B. Lijó Rodríguez (OEP 2017)

Elo, na súa condición de aspirantes incorporadas en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura de Área de RRHH e Formación, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

**SEXTO.-** Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **14(347).- NOMEAMENTO INTERINO DUN ENXEÑEIRO INDUSTRIAL PARA O SERVIO DE PARQUES E XARDÍNS. EXPTE. 39635/220**

Visto o informe de fiscalización do 09/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 28/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**1.-** En data 02/07/2021 pola Xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns coa conformidade da concellería delegada competente, se emite informe de urxencia da incorporación dun Enxeñeiro Industrial solicitando su inclusión na OEP 2021, á convocatoria urxente dunha bolsa de emprego da categoría profesional solicitada e a súa cobertura mediante persoal interino na modalidade oportuna.



## Concello de Vigo

**2.-** En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista da solicitude e o informe técnico obrante no expediente, procedeu a ordenar que *“pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación de expediente administrativo e se proceda a atender a solicitude formulada polo Servizo de Montes, Parques e Xardíns, incorporando un/unha enxeñeiro industrial interino con cargo a praza vacante existente na OEP 2021”*.

**3.-** Consta anexado ao expediente informe técnico (trámite 8 do expediente) acreditativo da existencia de vacante de praza referida susceptible de ser interinamente cuberta con cargo a vacante incluída na OEP-2021 (cód. 281 – Enxeñeiro/a industrial) da Relación de Postos de Traballo vixente.

No dito informe indícase, entre outros aspectos, que:

*“O custo anual dun posto de Enxeñeiro/a Industrial para o exercicio 2022 é de 62.183,02€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias:*

1200000	16392,88€
1210000	10917,62€
1210100	19839,40€
1600000	15033,12€

*Polo que a cuantificación económica do gasto para o ano 2022 da cobertura das prazas indicadas dependerá da data de nomeamento.*

*No caso de que, nomease un efectivo en data 02/05/22 o gasto imputable ao ano 2022 sería o seguinte:*

Aplicación	Partidas orzamentarias	Retribucións	Seguridade Social	Total
171.0	120.00.00, 121.00.00 e, 121.01.00	31.433,27€	10.022,08€	41.455,35€

**4.-** En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

## **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

### **I.- Normativa de aplicación**

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*



## Concello de Vigo

### II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concurra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

***No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***

***Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.***

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais delo, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 20.09.2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 281 – Enxeñeiro/a Técnico Industrial.

Asimesmo, e consonte á instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instruccións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instruccións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

### **V. - Proposta de gasto:**

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente:

*“O custo anual dun posto de Enxeñeiro/a Industrial para o exercicio 2022 é de 62.183,02€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias:*

1200000	16392,88€
1210000	10917,62€
1210100	19839,40€
1600000	15033,12€





## Concello de Vigo

*Polo que a cuantificación económica do gasto para o ano 2022 da cobertura das prazas indicadas dependerá da data de nomeamento.*

*No caso de que, nomease un efectivo en data 02/05/22 o gasto imputable ao ano 2022 sería o seguinte:*

Aplicación	Partidas orzamentarias	Retribucións	Seguridade Social	Total
171.0	120.00.00, 121.00.00 e, 121.01.00	31.433,27€	10.022,08€	41.455,35€

Efectuándose unha remisión expresa ao contido do informe técnico referenciado, solicítase expresamente que os aspectos indicados no mesmo respecto das previsións e impacto nos orzamentos se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

### **VI. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 24 do expediente) consta que:

- Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Enxeñeiro/s Industriais, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.
- Que salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Enxeñeira Industrial con cargo a praza vacante, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, á seguinte candidata:

• NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***6275**	L. Fernández Martínez

O/a aspirante interesado/a e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

### **VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA**

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

#### **VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excm. Alcaldía de 16/04/2021 e por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021.

#### **IX.- PROPOSTA DE ACORDO**

**“PRIMEIRO:** *Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario interino nos termos e condicións seguintes:*

- Categoría profesional: Enxeñeiro/ Industrial*
- Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP) con cargo a OEP 2021*
- Destino: Servizo Parques e Xardíns*
- Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.*



## Concello de Vigo

- *Custe económico:* O custe total correspondente a éste efectivo durante o periodo comprendido entre o 02/05/22 e o 31/12/22 sería o seguinte:

Aplicación	Partidas orzamentarias	Retribucións	Seguridade Social	Total
171.0	120.00.00, 121.00.00 e, 121.01.00	31.433,27€	10.022,08€	41.455,35€

*Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.*

**SEGUNDO:** Nomear como funcionario interino con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva da praza co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a L. Fernández Martínez con DNI \*\*3627\*\* \*,na súa condición de aspirante incorporada en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura de Parques e Xardíns, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

**SEXTO.-** *Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."*

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(348).- PROPOSTA DE ENCOMENDA DA REDACCIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DAS OBRAS DE "RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO**

## **E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR TRAMO DENDE O Nº 11 ATO O Nº 88". EXPTE. 1230/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 06/05/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**I.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período con vixencia de cinco anos, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025.

**II.-** No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título "outros investimentos"; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe "análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga" de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

**III.-** No punto III, relativo aos "Actos administrativos a través dos que se exercitará o control das obras de inversión da entidade concesionaria Aqualia" do devandito Acordo de 8 de marzo de 2013, aprobatorio do procedemento para a execución do plan de inversións, establécese que dende a Área de Fomento proporase á Xunta de Goberno Local a encomenda á entidade concesionaria Aqualia da redacción dos correspondentes proxectos técnicos para a súa inclusión no Plan de Investimentos, previa xustificación da conveniencia e idoneidade do investimento.

**IV.-** Con data 3 de maio de 2022 os Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos municipais emitiron informe xustificativo da conveniencia, idoneidade e do carácter prioritario e non aprazable da actuación consistente na **"RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR TREITO DENDE O Nº 11 ATO O Nº88"**. O devandito informe indica o seguinte:

*"A rúa Vista do Mar atópase na parroquia de Lavadores. As redes de abastecemento e saneamento do vial atópanse no final da súa vida útil, polo que se veñen producindo incidencias nestes servizos municipais que provocan molestias aos residentes da zona.*

*En canto ao abastecemento a tubaxe existente de función dúctil e de diámetro 100 mm, e o seu estado de conservación ven ocasionando frecuentes avarías e roturas, causando interrupcións do servizo, danos en bens públicos e propiedades dos veciños, así coma pérdidas de auga non rexistradas.*

*A rede de saneamento tamén presenta carencias como son estreitamentos de sección; tubaxes con elevada erosión na súa sección inferior, o que facilita infiltracións que poden ocasionar afundimentos no vial, así coma acometidas domiciliarias conectadas ao colector directamente ou a arquetas de ladrillo cegas o que dificulta enormemente o seu mantemento.*



## Concello de Vigo

*En base ao anterior, considérase que a **RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR TRAMO DENDE O N° 11 ATO O N° 88** é unha actuación necesaria que non debe demorarse.*

V.- A vista deste informe, con data 3 de maio de 2022 o Concelleiro Delegado da Area de Fomento resolveu iniciar o correspondente expediente para o encargo á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE da redacción do correspondente proxecto técnico de obras de **RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR TRAMO DENDE O N° 11 ATO O N° 88**.

VI.- O proxecto a redactar debera adecuarse ao citado cadro de prezos de unidades de obra, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 22 de marzo de 2013. No caso de unidades de obra que non figuren no mesmo, se deberá adecuar aos prezos xerais de mercado, tal e como se establece no citado Acordo.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

1º.- Encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE a redacción do proxecto técnico das obras de **RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VISTA DO MAR TRAMO DENDE O N° 11 ATO O N° 88**

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**16(349).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA. MARTÍNEZ GARRIDO ENTRE OS N.º 82 E 86” - OBRA DO PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA. EXPTE. 1154/441.**

Dáse conta do informe-proposta do 06/05/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro delegado de Área, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- A devandita prórroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á

execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020

III.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 22.04.2022 acordou:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto técnico de “**RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA MARTÍNEZ GARRIDO ENTRE OS N.º 82 E 86**” redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS UN MIL CENTO CINCUENTA E NOVE MIL EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (301.159,99 EUROS) e data Febreiro de 2022, e DOUSCENTOS CORENTA E OITO MIL OITOCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON CINCUENTA E CINCO CENTIMOS (248.892,55 €), sin IVE. O proxecto dispón de sinatura dixital de data 20/04/22.

**Segundo.-** Aprobar os custes asociados ao proxecto de “**RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA MARTÍNEZ GARRIDO ENTRE OS N.º 82 E 86**” por un importe de 10.447,22 €, (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	Esinpro	4.183,07 €
Asistencia técnica á D.O.	Esinpro	4.183,07 €
Coordinación de seguridade e saúde	Oscar Pereiro (CSM)	1.045,77 €
	SUMA	9.411,91 €
	11% Gastos de Xestión	1.035,31 €
	TOTAL (IVE excluído)	10.447,22 €

IV.- Con data 4 de maio de 2022 Aqualia-FCC Vigo presenta a documentación referida ás características do contrato da obra. En concreto:

- Código do proxecto: Expte. 1.154/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 209.153,41 €
- Presuposto de contrata: 248.892,55 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 3 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: *Non se esixe*
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: ESIMPRO
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM



**Concello de Vigo**

## **CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS**

**I.** A execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación.

**II.-** Co fin de que os mecanismos de control, vixilancia, fiscalización e seguemento das obras inherentes aos distintos Plans de Investimentos da concesión se instrumentasen a través de medidas que garantan a consecución dun nivel adecuado de eficacia na súa execución e de eficiencia na xestión dos recursos económicos comprometidos, a Xunta de Goberno Local, en sesión de 8 de marzo de 2013, aprobou a ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos de FCC Aqualia Vigo, UTE (por acordo de XGL de data 06.05.21 procedeuse a adaptación legal do mesmo). No mesmo contemplase os gastos repercutibles á Administración coa súa imputación ao plan de investimentos; gastos que son obxecto da presente proposta de aprobación e que foron revisados e informados polos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, que emitiron o informe que precede.

**III.-** Recóllese no devandito procedemento de ordenación procedemento de contratación a seguir nas obras do plan de investimentos a necesidade de dar conta pola entidade concesionaria á Xunta de Goberno Local dos datos consignados no punto III.c do procedemento, que son os que se reflicten nos antecedentes.

**IV.-** O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación dos costes asociados ao proxecto de obra corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Quedar enteirada da tramitación do seguinte expediente “**RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NA AVDA MARTÍNEZ GARRIDO ENTRE OS N.º 82 E**

**86**” cos datos requeridos no apartado III.c do Acordo da Xunta de Goberno de data 08.03.2021 (adaptado en XGL de 06.05.2021) que aproba o procedemento a seguir nas obras do plan de Inversións de Aqualia, según o seguinte detalle:

- Código do proxecto: Expte. 1.154/441
- Nome e razón social do adxudicatario: AQUALIA INTECH, S.A.
- NIF: A28849495
- Presuposto de execución material: 209.153,41 €
- Presuposto de contrata: 248.892,55 (IVA excluído).
- Prazo de execución: 3 meses.
- Data inicio obra: o día da firma de comprobación de replanteo.
- Clasificación do contratista: Non se esixe
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Asistencia técnica: ESIMPRO
- Coordinación de Seguridade e Saúde: CSM

**SEGUNDO**- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnaloo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(350).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “ENCAUZAMENTO DAS ESCORRENTÍAS SUPERFICIAIS NO ENTORNO DA RÚA PAZ PARDO”. EXPTE. 1082/441.**

Visto o informe xurídico do 03/05/202 e o informe de fiscalización do 04/05/2022, dáse conta do informe-proposta do 26/04/2022, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

I.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 24.11.2020 resolveu autorizar o gasto, para redacción do proxecto para o encauzamento das escorrentías superficiais no entorno da rúa Paz Pardo a favor da empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil SL..





## Concello de Vigo

**II.-** A devandita empresa presenta borrador do proxecto de “ENCAUZAMENTO DAS ESCORRENTÍAS SUPERFICIAIS NO ENTORNO DA RÚA PAZ PARDO” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Julio Roberes De Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS CON NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (238.875,99 €).

**III.-** Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 28.10.2021, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 02.11.2021, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11.11.2021 aprobou o proxecto de “ENCAUZAMENTO DAS ESCORRENTÍAS SUPERFICIAIS NO ENTORNO DA RÚA PAZ PARDO” redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Julio Roberes De Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (238.875,99 €), de data outubro de 2021 e asinado dixitalmente en data 28.10.2021. (Expte. 5007/443).

**IV.-** O Pleno Municipal en sesión levada a cabo o día de 23 de febreiro de 2022, aprobou inicialmente o expediente núm. 74/ 142, aprobación inicial da modificación orzamentaria nº12/2022 – Crédito extraordinario e Suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais . Na mesma se contempla a aplicación 1532.6190092 “Mellora drenaxe entorno E.Vella, Rúa Paz Pardo”, cun importe de 238.875,99 euros.

**V.-** No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 11.11.2021 que se corresponde co expediente administrativo 5007-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Julio Roberes De Cominges, de data outubro de 2021.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de datas 11 e 12 de novembro de 2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 12 e 15 de novembro de 2021.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal en data 19 de novembro de 2021.
- E) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 24 e 25 de febreiro de 2022.
- F) Informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 25.02.2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en datas 28 de febreiro e 2 e 3 de marzo de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado polo Técnico de Administración Xeral do Servizo de Contratación con datas 7 e 8 de marzo de 2022.

- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con datas 7 e 8 de marzo de 2022.
- J) Nova Memoria económica con data 31.03.2022
- K) Certificado existencia crédito (RC nº 29222) de data 05.04.2022
- L) Nova memoria xustificativa de data 04.04.2021
- M) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnico de Administración Xeral en data 05.04.2022 (por delegación da xefa do Servizo de Contratación, resolución do 31.03.22)

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 28.10.2021) e o cumprimento da normativa sectorial

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



## Concello de Vigo

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**ENCAUZAMENTO DAS ESCORRENTÍAS SUPERFICIAIS NO ENTORNO DA RÚA PAZ PARDO**”, redactado polo redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Julio Roberes De Cominges.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnico de Administración Xeral en data 05.04.2022.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de DOUSCENTOS TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS SETENTA E CINCO EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (238.875,99 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 41.457,82 €.

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo na aplicación orzamentaria 1532.6190092 “Mellora drenaxe entorno E.Vella, Rúa Paz Pardo”, provinte da modificación orzamentaria nº 12/2022, crédito extraordinario e suplemento de crédito (expediente 74/142), segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	238.875,99 €
------	--------------

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(351).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN POLO SISTEMA DE CONCERTO DO POLÍGONO ÚNICO DA ÁREA DE REPARTO EN SOLO URBANO CONSOLIDADO AR I-01 BARRIO DO CURA, DELIMITADA POLA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU DO CONCELLO DE d VIGO PARA A REORDENACIÓN DO DITO ÁMBITO. EXPTE. 5281/401.**

Dáse conta do informe-proposta do 29/04/2022, asinado pola técnica de Admón. Xeral da Oficina de Planeamento, a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e polo xerente de Urbanismo; sometido ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 03/05/2022, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente tramitado baixo o número 5281/401, incoado a instancia da entidade mercantil “Barrio do Cura, SL”, con CIF B-87.969.309, en solicitude de tramitación e aprobación definitiva do Proxecto de actuación, polo Sistema de Concerto do polígono único da Área de reparto en solo urbano consolidado AR I-01 Barrio do Cura, en particular, o escrito e documentación a el xuntada,

inserida a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo con data do 27.01.2022 (Cod. Sol.:W650892-8700), ao que achega certificación do acordo de aprobación inicial de data 26.01.2022, asinada por D. David Ventoso Rañón, en representación da entidade “Barrio do Cura, SLU”, na súa cualidade de administrador solidario, e proposta de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, delimitada pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, elaborada con data do 26.01.2022, e asinada dixitalmente con firma dixital válida na mesma data, polos arquitectos D. Diego Rivas Pérez (colexiado núm. 4987 do COAG) e D. César Álvarez Arines, (colexiado núm. 2295 do COAG) xunto co avogado D. Francisco Javier García Martínez (colexiado núm. 1.262 do Ilustre colexio de avogados de Galicia), emítase o seguinte Informe con Proposta de Acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

#### Antecedentes de Feito

I.- O concello de Vigo conta cun Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente o 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993 e BOP do 14.07.1993). Asemade, está vixente o Instrumento de Ordenación Provisional aprobado definitivamente polo Pleno o 24.07.2019 ao abeiro da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (DOG do 26.08.2019 e BOP do 20.09.2019). O ámbito obxecto da modificación puntual non está afectado por ese Instrumento de Ordenación Provisional. O Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) do Casco Vello foi aprobado definitivamente o 12.04.2007 (DOG do 06.06.2007 e BOP do 18.05.2007).

II.- Logo da preceptiva tramitación consonte a normativa de aplicación, con información pública e oficial, con data do 23.07.2021 o Pleno do Concello de Vigo, acordaba prestar aprobación, con carácter definitivo, á Modificación puntual do PXOU/1993, para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, instrumento de iniciativa pública promovido por esta administración, documentación presentada polo equipo redactor no rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 30.06.2021 (Cod.Sol.: W572571-5583), na súa versión definitiva e que inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, datada en xuño de 2021, e asinada dixitalmente con firma válida polo arquitecto D. Alfonso Penela Fernández con data 29.06.2021.

Mediante Resolución da Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 29 de outubro de 2021, dispoñíase a inscrición da Modificación puntual do Plan xeral de ordenación urbana para a reordenación do ámbito do barrio do Cura (expediente 16980/411), no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia, da Sección II, do Libro I, Tomo I, folla rexistral nº 47, co número de rexistro ROTPG/P/65/2021, de conformidade co disposto nos artigos 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 208 e seguintes do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En cumprimento do disposto no amentado acordo Plenario de aprobación definitiva, procedeuse a publicación no Diario Oficial de Galicia núm.160 do 20.08.2021, e das súas normas e ordenanzas, no BOP núm.217 do 11.11.2022 , polo que ten acadado plena eficiencia e executividade.

III.- Neste estado da tramitación, e tal e como se ten indicado nas alíneas precedentes, con data do 27.01.2022 (Cod. Sol.:W650892-8700), D. David Ventoso Rañón, en representación da entidade “Barrio do Cura, SLU”, achegaba a través do rexistro electrónico do Concello de Vigo, certificación do acordo de aprobación inicial de data 26.01.2022, e proposta de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, delimitada pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do



## Concello de Vigo

Barrio do Cura, elaborada con data do 26.01.2022, e asinada dixitalmente con firma dixital válida na mesma data, polos arquitectos D. Diego Rivas Pérez (colexiado núm. 4987 do COAG) e D. César Álvarez Arines, (colexiado núm. 2295 do COAG) xunto co avogado D. Francisco Javier García Martínez (colexiado núm. 1.262 do Ilustre colexio de avogados de Galicia), aos efectos da súa aprobación inicial.

IV.- Á vista do mesmo, con data do 22.02.2022 o Concello da XMU do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, tomou coñecemento da aprobación inicial producida, e adoptouse o seguinte acordo:

*Primeiro.- Tomar coñecemento da aprobación inicial, producida con data do 26.01.2022, -segundo certificación asinada como propietaria única, por D. David Ventoso Rañón en representación da entidade Barrio do Cura, SLU, na súa cualidade de administrador solidario-, da Proposta de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, elaborada con data do 26.01.2022, e asinada dixitalmente con firma dixital válida na mesma data, polos arquitectos D. Diego Rivas Pérez,(colexiado núm. 4987 do COAG) e D. César Álvarez Arines, (colexiado núm. 2295 do COAG) xunto co avogado D. Francisco Javier García Martínez (colexiado núm. 1.262 do Ilustre colexio de avogados de Galicia), delimitada pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura, que foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 23 de xullo de 2021, e publicada no DOG núm.160 do 20 de agosto de 2021, e normativa e ordenanzas no BOP núm. 217 do 11 de novembro de 2021,dunha superficie de 12.002,04 m2.*

*Segundo.- Facer constar que, estendeuse no Rexistro da Propiedade núm. 5 dos de Vigo, a anotación expresiva do inicio do expediente de equidistribución, consonte ao previsto no art. 5.1 do Real Decreto 1093/1997 e art. 268 do RLSG, nos termos e coa duración e efectos previstos na lexislación hipotecaria.*

*Terceiro.- Someter a información pública o proxecto de equidistribución inicialmente aprobado polo prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará, por conta da promotora, no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo, e na sede electrónica municipal a efectos de que durante dito período poida examinarse o proxecto, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes, con notificación individualizada aos interesados no polígono e nos sistemas xerais afectos, segundo os datos que figuren no catastro e no rexistro da propiedade.”*

Faise constar que, elevado o expediente á Xunta de goberno local, con data do 01.03.2022 a secretaria da Administración local do do Concello de Vigo, subscribe dilixencia na que conclúe que, *no sistemas de concerto a competencia para iniciar o procedemento e aprobar o proxecto de equidistribución corresponde aos promotores (axentes urbanísticos relacionados no artigo 212.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG)) conforme o sinalado no artigo 121.3 da LSG e artigo 265.2 o regulamento da Lei do Solo de Galicia polo que non se require, neste momento do procedemento, a adopción de acordo por parte da xunta de Goberno Local.*

V.- Proseguíndose a tramitación nos termos invocados, con data do 16.03.2022 publicábase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm.52, o anuncio da aprobación inicial do presente proxecto de equidistribución polo sistema de concerto, do Polígono único da área de reparto en solo urbano consolidado AR I-01 Barrio do Cura, e a subsecuente información pública do mesmo, con toda a documentación que o integra, consonte co establecido no artigo 106 LSG, aos efectos de que durante o prazo de un (1) mes contado a partir da devandita publicación, puidera examinarse o proxecto nesta XMU, ou a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións que se estimasen

oportunas. Tamén se levaron a cabo o resto das publicacións referidas no punto anterior e a notificación individualizada aos interesados no polígono e nos sistemas xerais afectos.

VI.- Con data do 21.04.2022, a xefa da oficina do rexistro da XMU, asina dilixencia, na que fai constar expresamente que, o *“Proxecto de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, delimitada pola modificación puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do dito ámbito” sometéuse ao trámite de información pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia (número 52, do 16 de marzo de 2022), na páxina web do Concello de Vigo, e na sede electrónica municipal.*

Durante o dito período non se presentou escrito de alegación algún.

Pola súa banda, obra no expediente, certificación asinada polo secretario desta XMU co visto e prace da Vicepresidenta da XMU de data 26.04.2022, do seguinte teor literal, *“(…)Que, durante o período de información pública do expediente núm. 55281401, do “Proxecto de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, delimitada pola modificación puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do dito ámbito” aberto polo prazo de un (1) mes, mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial de Pontevedra (núm. 52, do 16 de marzo de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente en data do 21 de abril de 2022 pola Xefa da oficina do Rexistro da XMU, non se presentou escrito de alegación algún (..)”.*

## FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

### I. Normativa Básica aplicable

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana)- Artigos 265 e seguintes
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia), e RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia- artigos 106 e seguintes)
- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de Xestión urbanística (unicamente as disposicións aplicables na CCAA de Galicia, segundo o disposto na DD 2ª)
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
- PEPRI do Casco Vello de Vigo, aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 12.04.2007,DOG núm. 108 do 06.06.2007; BOP núm. 96 do 18.05.2007; A súa normativa foi integramente publicada no BOP núm. 96 do 18.05.2007.
- Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019)
- Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao



## Concello de Vigo

Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade dos actos de natureza urbanística,

- Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Valoracións da Lei do solo
- O resto de disposicións que poidan afectar

### II. Obxecto do proxecto de equidistribución

A constancia dos obxectivos do presente proxecto de equidistribución, reflíctense polo miúdo na Memoria integrante do dito documento, que non son outros que, o desenvolvemento da Modificación puntual do PXOU aprobada para a reordenación delimitada do polígono único da área de repartición AR I-01 do Barrio do Cura, agrupando a tal fin os predios comprendidos no polígono para a súa nova división axustada aos seus respectivos dereitos e determinación das indemnizacións ou compensación necesarias para garantir a xusta distribución no ámbito do polígono das cargas e beneficios xeradas pola ordenación urbanística establecida polo planeamento, en coincidencia coa propia área de repartición para a execución das súas previsións, ou, nos termos do art. 104.1 da LSG “*distribuír xustamente as cargas e os beneficios da ordenación urbanística, regularizar a configuración dos predios, situar o seu aproveitamento en zonas aptas para a edificación de acordo co planeamento e localizar sobre parcelas determinadas o aproveitamento que, se é o caso, lle corresponda ao municipio*”.

Atendendo ao seu contido e finalidade, no presente Proxecto de Equidistribución defínense o dereitos achegados, distribúense os beneficios e cargas do planeamento e adxudícanse ao propietario e ao Concello os terreos de resultado co aproveitamento que lles corresponde en función dos seus dereitos.

Tal e como establece o artigo 104.2 da LSG, enténdese por proxecto de equidistribución “*a agrupación de predios comprendidos no polígono para a súa nova división axustada ao planeamento, coa adxudicación das parcelas resultantes aos interesados en proporción aos seus respectivos dereitos. Ademais, a equidistribución supón a determinación das indemnizacións ou compensacións necesarias para que quede plenamente cumprido, dentro do seu ámbito espacial, o principio da xusta distribución entre os interesados das cargas e beneficios da ordenación urbanística*”.

O proxecto de equidistribución constitúe un instrumento para a execución xurídica da modificación puntual aprobada e contén todas as especificacións esixidas co contido do art. 105 da LSG e RLSG.

Faise constar que, a ordenación detallada do ámbito de reforma interior en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, quedou establecida de conformidade co previsto no artigo 54 da LSG, directamente pola MP do PXOU/1993, concretando as parcelas destinadas a dotacións públicas consonte ao disposto no artigo 42.2 da LSG, e coas determinacións da MP do B. Cura para este ámbito de reforma interior que se recollen na correspondente ficha urbanística.

O proxecto presentado, aos efectos de configurar as parcelas resultantes do polígono, determinar o seu aproveitamento, e situar aquelas que resultan de cesión obrigatoria, coa súas superficies, aproveitamentos, lindeiros, cargas, edificabilidade, etc, abrangue os seguintes epígrafes, en cumprimento do disposto nos artigos 249 e seguintes do RLSG: A) Memoria, B) Descrición das parcelas de orixe, C) Valoración de Dereitos, Edificacións, plantacións, obra e instalacións existentes, D) Descrición das parcelas de resultado de Carácter lucrativo, E) Correspondencia, F) Descrición das parcelas dotacionais de Cesión obrigatoria, G) Gastos de actuación, H) Conta de liquidación

provisional, I) Documentación Gráfica, J) Documentación complementaria.



Imaxe: Delimitación da área de repartición en solo urbano non consolidado sobre a ordenación detallada do ámbito da MP-Barrio do Cura, Fonte. Memoria xustificativa da MP do PXOU/93 para a reordenación do Barrio do Cura

Logo de axuizar o contido do documento achegado, aprobado inicialmente con data do 26.01.2022, e do que tomou coñecemento o Consello desta XMU con data do 22.02.2022, os que subscriben, e no que se refire aos aspectos técnicos-xurídicos do documento, consideran que o mesmo se adecúa á Modificación Puntual do Plan xeral de Ordenación municipal aprobada para o ámbito, así como ás determinacións da vixente lexislación urbanística.

### III. Sistema de actuación elixido

O artigo 120 da LSG establece que “1. O sistema de concerto poderá utilizarse cando todos os terreos do polígono, agás os de uso e dominio público, se é o caso, pertenczan a un único propietario, ou ben cando todos os propietarios do polígono garantan solidariamente a actuación 2. No sistema de concerto asumirá o papel de urbanizador o propietario único ou o conxunto de propietarios que garantan solidariamente a actuación”.

O Concello de Vigo garantirá a actuación solidaria, pero quedará exento de participar nos gastos de xestión e urbanización.

Pola súa banda, o artigo 121 LSG engade que “1. No sistema de concerto a xestión da actividade de execución poderá ser realizada:

- a) Mediante a constitución en escritura pública, por todos os propietarios, dunha entidade urbanística de xestión, que terá natureza administrativa e duración limitada á da actuación.
- b) A través de sociedade mercantil constituída para tal efecto, sempre que no seu capital participen todos os propietarios.
- c) Directamente polo único propietario da totalidade dos terreos afectados”.

Tanto á entidade urbanística de xestión coma á sociedade constituída polos propietarios poderán incorporarse, como membros ou socios, persoas ou entidades que acheguen financiamento ou asuman a realización das obras de urbanización e edificación precisas.

### IV. Formulación e procedemento de tramitación para a aprobación inicial.





## Concello de Vigo

Consonte ao artigo 121.2 da LSG *“Calquera dos axentes citados no punto anterior terá a obriga de formular un proxecto de equidistribución axustado ao contido do artigo 105 desta lei, así como uns estatutos polos que se rexerá a actuación, agás que se trate de propietario ou proprietaria única”*.

O proxecto de equidistribución será aprobado segundo o procedemento establecido polo artigo 106 da LSG, coas seguintes particularidades:

*“a) A aprobación inicial corresponderalle a calquera dos axentes citados no punto primeiro deste artigo; producida esta, deberá remitirse ao Concello o documento aprobado e certificación comprensiva do acordo.*

*b) Unicamente será preceptiva a difusión da información pública no Boletín oficial da provincia, correndo isto por contas dos axentes impulsores do sistema. En calquera caso, o expediente consultarase no Concello, razón pola que a publicación será sempre posterior á presentación da documentación citada na alínea a)*

*c) A aprobación definitiva deberá recaer no prazo máximo dun mes desde a conclusión do trámite de información pública. Transcorrido o dito prazo sen resolución expresa, o instrumento de equidistribución entenderase aprobado por silencio”*. (Art 121 LSG)

Consonte o artigo 106 LSG, que configura un procedemento que se aplica con carácter supletorio aos sistemas de actuación indirectos previstos na lei, como o que nos ocupa, *“(...) Unha vez aprobado inicialmente o instrumento de equidistribución (...), someterase o proxecto a información pública por un prazo mínimo dun mes a través da correspondente publicación no Boletín Oficial da provincia (...), con notificación individualizada aos interesados;*

*(...)A aprobación definitiva deberá recaer no prazo máximo de tres meses desde a conclusión do trámite de información pública. Transcorrido este prazo sen resolución expresa, o instrumento de equidistribución entenderase aprobado por silencio”*.

Cómpre traer a colación asemade o disposto no artigo 270 e concordantes do RLSG e concluír que na tramitación do proxecto de equidistribución que nos ocupa, observáronse os trámites esixidos para a súa aprobación definitiva, consonte ao pautado nos preceptos que deixamos citados e, particularmente, segundo o disposto no artigo 271 do RLSG.

### V. Regras xerais da equidistribución

Para a definición de dereitos achegados, valoración dos predios resultantes, regras de adjudicación en función da superficie dos predios iniciais, aprobación, efectos do acordo aprobatorio e inscrición no Rexistro da Propiedade do mencionado proxecto estarase ao disposto no Capítulo V do Título IV do RLSG; (particularmente aos artigos 252, 260 e 263), ademais das disposicións aplicables do TRLSRU e Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.

### VI. O proxecto de equidistribución e o Rexistro da Propiedade

Tal e como establece o artigo 68 do Texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana, aprobado

polo Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro e o artigo 5 do Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (RHU), “1. A iniciación do expediente de distribución de beneficios e cargas que corresponda ou a afección dos terreos comprendidos nunha actuación de transformación urbanística ao cumprimento das obrigas inherentes á forma de xestión que proceda, faranse constar no Rexistro mediante nota á marxe da derradeira inscrición do dominio das fincas correspondentes. 2. A nota marxinal terá unha duración de tres anos e poderá ser prorrogada por outros tres anos a instancia do órgano ou agrupación de interese urbanístico que solicitara a súa práctica. (...)”.

Obra e consta incorporado ao expediente de razón a anotación no Rexistro da propiedade núm.5 dos de Vigo, expresiva do inicio do expediente de equidistribución, estendida consonte ao pautado no art. 268 do RLSG, nos termos e coa duración e efectos previstos na lexislación hipotecaria.

Consonte ao artigo 272 do RLSG, unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución, procederase a súa inscrición no Rexistro da propiedade (art. 107.3 LSG)

A equidistribución inscribírase nos termos indicados na lexislación estatal e previa certificación administrativa expedida pola Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, na que conste a aprobación definitiva do proxecto e os seguintes documentos:

- a) Memoria, nos termos do artigo 250.
- b) Descrición das parcelas de orixe, co contido exixido no artigo 251.
- c) Descrición das parcelas de resultado de carácter patrimonial, presentando a documentación do artigo 253.3.
- d) Correspondencia, segundo o disposto no artigo 254.
- e) Descrición das parcelas dotacionais públicas de cesión obrigatoria, co contido exixido no artigo 255.2.
- f) Plano en que se conteña a totalidade das parcelas de resultado e os terreos dotacionais,
- g) Documentación necesaria para efectuar operacións de actualización do tracto rexistral, ou outras con incidencia rexistral

En todo caso, serán aplicables as disposicións do Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (artigos 6 e concordantes).

A promotora do proxecto de equidistribución actualizará no Catastro a titularidade e configuración das parcelas, trala a súa aprobación definitiva.

## VII. Efectos xurídicos reais da aprobación

Tal e como establecen os artigos 107 LSG e 274 RLSG, o acordo aprobatorio do instrumento de equidistribución producirá a transmisión a esta administración, como urbanística actuante, en pleno dominio e libre de cargas, de todos os terreos de cesión obrigatoria, para a súa incorporación ao



## Concello de Vigo

patrimonio público do solo ou a súa afectación aos usos previstos no planeamento, a subrogación, con plena eficacia real, das antigas polas novas parcelas correspondentes e a afectación real das parcelas adxudicadas ao cumprimento das cargas e pagamento dos gastos inherentes ao sistema de actuación correspondente. A afectación dos lotes resultantes con carácter de garantía real ao cumprimento dos deberes urbanísticos inherentes ao sistema establécese tamén no art. 18.6 do TRLSRU.

Ademais, a aprobación definitiva do instrumento de equidistribución habilita á administración para proceder á ocupación dos terreos e bens que, pola súa cualificación urbanística, deban ser obxecto de cesión obrigatoria e gratuíta, e daqueles outros incluídos no ámbito que resulten necesarios para a execución material das obras de urbanización.

Nos sistemas de actuación indirectos, como é o caso, a referida habilitación esténdese tamén ao seu promotor ata o momento da recepción das obras de urbanización.

No presente procedemento e consonte ao disposto nos artigos 29 e 42 da LSG, cédense obrigatoria e gratuitamente, e sen cargas, para este Concello, como administración urbanística actuante, tal e como se reflicte expresamente no proxecto de equidistribución axuizado, as seguintes parcelas de resultado:

- Parcela R2.2 – En compensación do 10% de aproveitamento non susceptible de apropiación, cunha superficie edificable de 514,32 m<sup>2</sup> de solo urbano, co uso característico residencial en vivenda colectiva acollida a algún réxime de protección pública.
- Parcela EQ-1, destinada a equipamento público, clase escolar, dotacional-Gardería, segundo a ordenanza de aplicación, de 1.009,68 m<sup>2</sup>
- Parcela EL-1, destinada a espazos libres e zonas verdes públicos (sistema local), de 1.052,11 m<sup>2</sup>
- Parcela EL-2, destinada a espazos libres e zonas verdes públicos (sistema local), de 2.118,35 m<sup>2</sup>
- Parcela EL -3, destinada a espazos libres e zonas verdes públicos (sistema local), de 728,82 m<sup>2</sup>
- Parcela VI-1, destinada a viario público, de 270,21 m<sup>2</sup>
- Parcela VI-2, destinada a sistema viario local e aparcamento público, de 951,23 m<sup>2</sup>,
- Parcela VI- 3, destinada a viario público, de 458,93 m<sup>2</sup>,

Nun sistema como o de concerto no que a propietaria única achega os terreos e executa á súa costa a urbanización nos termos e condicións que se determine no plan, as cesións anteriormente referidas deben entenderse sen prexuízo do dereito de ocupación dos terreos destinados a viarios, espazos libres e zonas verdes por parte da propietaria ou empresa adxudicataria das obras -previo o oportuno procedemento no que se garanta a publicidade e concorrencia- coa finalidade de que poida acometer a execución das correspondentes obras de urbanización, sometidas á supervisión municipal, e ata que, unha vez rematadas, sexan recibidas pola administración.

### VIII. Efectos económicos da aprobación

En canto aos efectos económicos da aprobación e ás afeccións das parcelas de resultado, cómpre remitirnos ao disposto no artigo 114 da LSG e, no seu desenvolvemento, nos artigos 257 e 276 do RLSG, e incidir en que, consonte ao instrumento de equidistribución, as parcelas de cesión obrigatoria son cedidas a esta Xerencia municipal de urbanismo, libre de cargas e gravames, ao asumir a promotora da actuación, todos os gastos e cotas de urbanización.

Pola súa banda, cómpre patentizar que estamos diante dun procedemento de execución xurídica dun planeamento xeral aprobado no ano 1993 e modificado no 2021, planeamento que contén tamén a

previsión da constitución dunha entidade de conservación da obra urbanizadora; entidade que será á que lle corresponderá a conservación das obras de urbanización, segundo o previsto nos artigos 232 e 233 en relación co artigo 322 do RLSG, tal e como se reflicte no propio proxecto de equidistribución.

Polo exposto, todo parece indicar, agás criterio mellor fundado pola Intervención xeral do Concello de Vigo, que a aprobación deste proxecto de equidistribución non afectará ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, segundo as esixencias previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, consonte coa esixencias previstas, sen prexuízo do que se determine á hora de axuizar os estatutos da entidade de conservación, que se deberá constituír obrigatoriamente con anterioridade á recepción da obra de urbanización, previa presentación e aprobación do proxecto de estatutos pola entidade promotora.

#### IX. Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística; previo ditame do Consello da XMU (artigo 10.1d) dos Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, AD versión consolidada, aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 BOP núm.193, do 6.10.2010),

Por canto antecede, propónse a Xunta de Goberno local, previo sometemento do asunto ao preceptivo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, de consideralo procedente, a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Prestar aprobación, con carácter definitivo, ao proxecto de equidistribución nomeado "*Proposta de equidistribución polo sistema de concerto do polígono único da Área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura,*" redactado polos arquitectos D. Diego Rivas Pérez, (colexiado núm. 4987 do COAG) e D. César Álvarez Arines, (colexiado núm. 2295 do COAG) xunto co avogado D. Francisco Javier García Martínez (colexiado núm. 1.262 do Ilustre colexio de avogados de Galicia) con data do 26.01.2022, e asinada dixitalmente con firma dixital válida na mesma data, delimitada pola Modificación Puntual do PXOU do Concello de Vigo para a reordenación do ámbito do Barrio do Cura -formulado e inicialmente aprobado con data do 26.01.2022, pola propiedade única dos terreos -segundo certificación asinada, por D. David Ventoso Rañón en representación da entidade Barrio do Cura, SLU, na súa cualidade de administrador solidario-, para a execución xurídica e desenvolvemento do polígono único da área de reparto en solo urbano non consolidado AR I-01 Barrio do Cura, coa ordenación detallada que foi aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 23 de xullo de 2021, e publicada no DOG núm.160 do 20 de agosto de 2021, e normativa e ordenanzas no BOP núm. 217 do 11 de novembro de 2021, dunha superficie de 12.002,04 m<sup>2</sup>.

Segundo.- Proceder a notificación do presente acordo a todas as persoas interesadas no presente procedemento e, unha vez firme en vía administrativa o acordo de aprobación definitiva do instrumento de equidistribución, será obxecto de inscrición no Rexistro da Propiedade núm.5 dos de Vigo, por conta da propiedade única e nos termos indicados na lexislación estatal, previa certificación administrativa expedida por este Concello na que conste a aprobación definitiva do proxecto e demais circunstancias que se determinan no artigo 272 do RLSG.

As parcelas de resultado que non sexan de cesión obrigatoria quedarán gravadas e afectas, con carácter real, ao pagamento das cantidades que a cada unha correspondan na conta de liquidación provisional do



## Concello de Vigo

proxecto polos gastos de urbanización do polígono e, no seu día, ao saldo definitivo da conta de liquidación definitiva que deberá ser comunicada no seu día pola promotora, co correspondente certificado acreditativo da súa aprobación, tendo esta afección -que se fará constar expresamente no dito rexistro da propiedade mediante nota marxinal- a mesma preferencia e duración ca normativamente establecida para a conta do procedemento reparcelatorio.

Con anterioridade á inscrición, a promotora do proxecto de equidistribución instará a actualización no Catastro da titularidade e configuración das parcelas, por mor do reparcelamento aprobado.

Terceiro.- Incorporar de xeito diferenciado, consonte con este instrumento de equidistribución as parcelas de resultado deste polígono único, de cesión gratuíta e obrigatoria ,que de seguido se relacionan, -en pleno dominio e completamente libres de cargas e gravames- ao patrimonio municipal do solo e inventario de bens con afectación aos usos previstos polo planeamento, sen contribución económica ou patrimonial ningunha deste Concello, correspondendo a cesión da parcela de resultado R2.2 á compensación do 10 % do aproveitamento lucrativo que corresponde a este Concello, por exceder do susceptible de apropiación privada e con obriga de destinar necesariamente ás restantes parcelas de resultado que de seguido se relacionan ás finalidades ou destinos establecidos na modificación puntual aprobada, así como na normativa urbanística e sectorial de aplicación:

- Parcela R2.2 – En compensación do 10% de aproveitamento non susceptible de apropiación, cunha superficie edificable de 514,32 m<sup>2</sup> de solo urbano, co uso característico residencial en vivenda colectiva acollida a algún réxime de protección pública.
- Parcela EQ-1, destinada a equipamento público, clase escolar, dotacional-Gardería, segundo a ordenanza de aplicación, de 1.009,68 m<sup>2</sup>
- Parcela EL-1, destinada a espazos libres e zonas verdes públicos (sistema local), de 1.052,11 m<sup>2</sup>
- Parcela EL-2, destinada a espazos libres e zonas verdes públicos (sistema local), de 2.118,35 m<sup>2</sup>
- Parcela EL -3, destinada a espazos libres e zonas verdes públicos (sistema local), de 728,82 m<sup>2</sup>
- Parcela VI-1, destinada a viario público, de 270,21 m<sup>2</sup>
- Parcela VI-2, destinada a sistema viario local e aparcamento público, de 951,23 m<sup>2</sup>,
- Parcela VI- 3, destinada a viario público, de 458,93 m<sup>2</sup>,

Cuarto.- Publicar anuncios do presente acordo, na páxina Web municipal, e na sede electrónica do Concello de Vigo, dun extracto no Boletín oficial da provincia de Pontevedra e notificalo de xeito individualizado a todos os interesados no procedemento, co ofrecemento dos recursos que procedan consonte a dereito, con comunicación expresa á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a Xerencia Territorial do Catastro, aos efectos que correspondan.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**19(352).- DAR CONTA DO PASE Á VÍA DE CONSTRINXIMENTO DE CONCEPTOS URBANÍSTICOS NON LIQUIDADOS. EXPTE. 14308/407.**

Dáse conta do informe-proposta do 05/05/2022, asinado pola técnica de Tesourería e Xestión de Ingresos e polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Os ingresos polos distintos conceptos urbanísticos son liquidados, recadados e contabilizados polos servizos desta Xerencia Municipal de Urbanismo.

Por parte deste organismo impuxéronse multas urbanísticas, reclamáronse liquidacións definitivas de execucións subsidiarias e liquidáronse taxas que non foron ingresadas en período voluntario de pagamento, polo que deben pasar á vía de constrinximento.

De conformidade coa base 48ª das de execución do vixente orzamento prorrogado do Concello de Vigo e a base 5ª das propias deste Organismo Autónomo “a recadación en vía de constrinximento dos ingresos da Xerencia farase utilizando os medios da Tesourería do Concello. A proposta do Xerente, o Tesoureiro dictará a correspondente providencia de apremio”.

O Concello contabilizará extrapresupostariamente os ingresos por estes conceptos para o posterior traspaso á Xerencia Municipal de Urbanismo.

En consecuencia, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Quedar enterada dos seguintes conceptos urbanísticos que se remiten ao Tesoureiro do Concello de Vigo para que dicte a correspondente providencia de apremio:

Multas coercitivas e sancións urbanísticas:

- |  |                 |
|--|-----------------|
| • Expediente 15621/423 (NIF *****415A)                   | 900,00 euros    |
| • Expediente 20075/423 (NIF *****708N) e (NIF X****565X) | 2.000,00 euros  |
| • Expediente 21948/423 (NIF *****183V)                   | 30.050,61 euros |

Execucións subsidiarias:

- |  |                 |
|--|-----------------|
| • Expediente 19451/423 (NIF *****774)  | 3.868,65 euros  |
| • Expediente 959/435 (CIF B*****147)   | 2.681,36 euros  |
| • Expediente 57869/421 (NIF *****370B) | 4.840,00 euros  |
| • Expediente 886/426 (CIF A*****114)   | 16.153,50 euros |
| • Expediente 1318/435 (NIF *****543Z)  | 2.710,40 euros  |
| • Expediente 60297/421 (CIF B*****880) | 1.149,50 euros  |
| • Expediente 2501/435 (CIF A*****945)  | 4.376,57 euros  |



## Concello de Vigo

• Expediente 2057/435 (NIF *****949A)	826,26 euros
• Expediente 2057/435 (NIF *****984X)	5.783,80 euros
• Expediente 2057/435 (NIF *****021Y)	5.783,80 euros
• Expediente 44/435 (B*****752)	8.228,00 euros
• Expediente 1305/435 (CIF A*****473)	5.082,00 euros
• Expediente 1786/435 (B*****752)	2.480,50 euros
• Expediente 3016/435 (NIF *****949R)	22.110,02 euros
• Expediente 2904/426 (CIF B*****803)	4.446,75 euros

Liquidación complementaria taxa de obras:

• Expediente 12281/407 (CIF B*****476)	22.890,26 euros
--	-----------------

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Proposta de aprobación do “Plan de sostenibilidade turística do destino Vigo 2022” para a presentación en convocatoria extraordinaria de Plans de sostenibilidade turística en destino para entidades locais, publicada polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. Expte 8158/104.
- .- Expediente de contratación, polo procedemento negociado sen publicidade, do patrocinio publicitario do proxecto “Faro Educa 2022”, á Mercantil Faro de Vigo S.A.U. Expte. 19007/101.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu

Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**20(353).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA DO DESTINO VIGO 2022” PARA A PRESENTACIÓN EN CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE PLANS DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO PARA ENTIDADES LOCAIS, PUBLICADA POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO Y TURISMO. EXPTE 8158/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico e informe de fiscalización, ambos do 11/05/2022, dáse conta do informe-proposta de data 11/05/2022, asinado pola técnica do Servizo de Turismo e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

A pandemia de COVID-19 está a supor unha emerxencia sanitaria a nivel global e o turismo é un dos sectores económicos máis afectados. Aínda non sabemos cal será o impacto final da crise sanitaria no turismo en España, pero o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos pretende contribuír a que, cando volva a recuperación, sexa máis responsable e sustentable.

O Programa de Plans de Sustentabilidade Turística foi aprobado pola Comisión Sectorial de Turismo na súa reunión de 25 de xuño de 2020, e inscríbese no terceiro alicerce, «Mellora da competitividade do destino turístico», do Plan de Impulso do Sector Turístico (Real Decreto-lei 25/2020, de 3 de xullo, de medidas urxentes para apoiar a reactivación económica e o emprego).

A Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), a través da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística exerce a función de deseño e implantación de estratexias encamiñadas ao desenvolvemento e mellora dos destinos turísticos baseadas na calidade, a promoción da excelencia, a corresponsabilidade público-privada, a participación social, a sustentabilidade ambiental, social e económica e a adaptación aos novos requirimentos da demanda. Así mesmo desenvolven plans e programas que promoven a innovación, a calidade, a sustentabilidade e a competitividade de produtos turísticos de alto valor engadido para o cliente; así como o fomento de novas categorías de produto que contribúen á desestacionalización e desconcentración da oferta, todo iso baseado na colaboración público-público e público-privada. Estas intervencións públicas sobre os destinos turísticos para mellorar a súa sustentabilidade e competitividade son claves para manter o atractivo de España e o emprego do sector turístico.

O presente Programa vai dirixido a incrementar a sustentabilidade e a capacidade operativa da EE.LL. e dos xestores dos destinos. É preciso establecer un novo modelo de cooperación público privado que supere o marco actual de cooperación puntual e que responda á caída da demanda e á necesaria adaptación dos destinos turísticos consecuencia da crise sanitaria global. Este Programa axudará ás entidades locais xestoras dos destinos turísticos a articular plans de acción locais que incorporen





## Concello de Vigo

actuacións en resposta a esta crise, que melloren a sustentabilidade dos destinos e que, en estreita colaboración co sector privado, permitan recuperar, manter e atraer a demanda turística.

O 29 de marzo de 2022 aprobouse a convocatoria extraordinaria da terceira edición do Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, o instrumento principal de intervención da Administración turística española. A Secretaría de Estado de Turismo destina 720 millóns de euros a esta edición que, unha vez máis, cofinanciarán as Comunidades Autónomas e entidades locais cuxos proxectos sexan seleccionados.

O obxectivo do programa é avanzar cara á transformación dos destinos turísticos cara a un modelo baseado na sustentabilidade ambiental, socioeconómica e territorial. Esta edición ordinaria de Plans de 2022 diríxese a tres categorías de destinos turísticos: sol e praia, rural e urbano.

A entidade beneficiaria e responsable da execución do plan en todas as súas fases deberá ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- O municipio.
- A provincia.
- A illa nos arquipélagos balear e canario.
- As comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As áreas metropolitanas.
- As mancomunidades de municipios.

### **ESTRATEGIA DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO**

A Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos pon a énfase na actuación sobre o destino e ten en conta as súas especiais necesidades e características; diríxese ao conxunto do ecosistema turístico específico do destino, incluíndo ás institucións públicas autonómicas e locais que operan sobre él, pero tamén a entidades sociais e sector empresarial.

A Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos responde a dous obxectivos xerais:

- En primeiro lugar, apoiar aos destinos turísticos españois, calquera que sexa a súa escala e o tipo de demanda ao que responda, no seu proceso de transformación cara a hubs ou polos de innovación turística capaces de integrar na súa oferta a sustentabilidade ambiental, socioeconómica e territorial, e de desenvolver estratexias de resiliencia fronte aos novos retos do ecosistema turístico, desde o cambio climático, até a sobre demanda turística ou as crises sanitarias e de seguridade.
- O segundo obxectivo xeneral é alcanzar, a través dos distintos instrumentos de intervención, unha maior cohesión territorial, non só relacionando a oferta e os destinos de cada territorio, senón creando conexións entre os destinos de distintas rexións. Neste sentido, a Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos busca un desenvolvemento equilibrado do potencial turístico no conxunto do territorio, á vez que pretende consolidar vínculos de solidariedade no interior das comunidades, de maneira que contribúan á solución de problemáticas comúns das dimensións ambiental, socioeconómica e territorial da sustentabilidade, promovendo unha repartición racional das cargas sobre o territorio e consolidando unha xestión territorial integral que axude a frear os procesos de despoboamento.

Os resultados esperados son entre outros:

- Mellorar os destinos turísticos grazas ao investimento en actuacións craves para o aumento da súa competitividade que permitan exercer un efecto tractor sobre a demanda turística e un efecto dinamizador do sector turístico privado.
- Incorporar de maneira efectiva a sustentabilidade e a dixitalización na xestión dos recursos, infraestruturas e produtos turísticos dos destinos.
- Diversificar a oferta de destinos turísticos para contribuír a xerar oportunidades de emprego e actividade, redistribuír a renda turística e favorecer a cohesión territorial e a desconcentración da demanda, en particular nas zonas rurais, así como propiciar a desestacionalización.
- Mellorar o capital natural do sistema turístico, garantindo o seu perennidade mediante a redución das emisións, a mellora da xestión de refugallos e augas, a protección, restauración e aproveitamento turístico dos ecosistemas, a renaturalización dos mesmos e a introdución de actuacións de prevención ou mitigación dos efectos do cambio climático.

## **1.- CLASIFICACIÓN DE DESTINOS TURÍSTICOS POLA SÚA NATUREZA OU CARACTERÍSTICAS DIFERENCIAIS**

A Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos identifica tres categorías de destino con características diferenciais: destino turístico de sol e praia, destino turístico rural e destino turístico urbano. Dentro de cada categoría especificanse á súa vez un conxunto de subcategorías.

- Destino turístico de sol e praia.

Os destinos de sol e praia son pioneiros da oferta vacacional e marcaron o posicionamento exterior do turismo español. A pesar do notable aumento nos últimos anos do turismo urbano, de interior e da España Verde, todos os destinos de sol e praia actualmente supoñen o 65% do total da oferta e a demanda turística en España. Ás novas esixencias de seguridade sanitaria, á consolidación dos competidores no Mediterráneo Oriental, ou ás transformacións nos modelos de comercialización da oferta, con menos turoperadores clásicos e máis actores dixitais, súmase a presenza dun consumidor cada vez máis informado, máis esixente e con maiores alternativas, e a unha demanda cidadá crecente alentando que se mellore a distribución dos beneficios socioeconómicos do turismo entre as poboacións locais. Todo iso esixe unha estratexia que poña a sustentabilidade no centro das políticas turísticas con orientacións capaces de perennizar o éxito destes destinos e de incrementar a súa competitividade, reforzando a variedade da experiencia turística, a xestión desta experiencia grazas a ferramentas dixitais, e á elevación constante dos estándares de calidade, a participación da poboación local nos beneficios do turismo, a redución do seu impacto ambiental, a contribución á eficiencia enerxética e a recuperación ou o mantemento dunha contorna atractiva onde poidan coexistir unha variada gama de experiencias de viaxe grazas á diversidade e a flexibilidade da oferta complementaria.

- Destino turístico rural

O interior da península e das illas é un territorio que conta con inxentes recursos patrimoniais e naturais, que teñen un potencial turístico cunha ampla marxe de desenvolvemento. A mellor integración deste inmenso territorio no sistema turístico español é decisiva no cumprimento dos obxectivos da política turística e de reto demográfico, contribuíndo á desestacionalización, a desconcentración e a distribución da renda turística. Mellorar a calidade de vida dos seus poboadores, xerar oportunidades laborais, dinamizar espazos sociais envellecidos, xerar tecido asociativo e empresarial a escala local, e supramunicipal, dar saída ás súas producións e iniciativas abríndolles novos mercados, apoiar a tecnificación dos destinos e coadxuvar na estratexia contra o despoboamento, son algúns dos obxectivos cara aos que debemos avanzar para facer destes destinos espazos de oportunidade.



## Concello de Vigo

- Destino turístico urbano

O turismo urbano concentra aproximadamente un cuarto da demanda turística internacional cara a España. Unha alta porcentaxe das empresas turísticas están instaladas nos grandes municipios. As cidades son, ademais, as principais vías de acceso ao país polos seus aeroportos. Estes destinos poden estar configurados por territorios de similares características que abarquen máis dun municipio sempre que o plan contribúa a coselos a partir de converxencias temáticas ou tipolóxicas, por exemplo mediante o desenvolvemento dun produto-destino. Exemplo disto podería ser unha ruta vinculada a un produto (por exemplo, unha ruta do viño ou carreiros de montaña) xa existente ou de nova creación ou ben o aproveitamento de recursos naturais, como zonas de baño de auga doce, sobre a que poder mellorar a experiencia do destino. Así mesmo, poderá considerarse como destino unha agrupación de entes locais que presente unha oferta con certa coherencia e complementariedade ou cun relato común que poida articularse e reforzarse a través das actuacións do plan, xerando unha masa crítica de oferta que exerza un efecto multiplicador do investimento no territorio.

As intervencións en destinos urbanos divídense en tres subcategorías:

### 1.-Gran destino urbano (Madrid e Barcelona)

Tanto por dispor dun réxime xurídico especial grazas á Lei de Capitalidade e Réxime Especial de Madrid e á Carta Municipal de Barcelona, como polo seu carácter de grandes destinos globais, Madrid e Barcelona constitúen unha categoría especial dentro da urbana. Con respecto a outros destinos urbanos, son polos tractores que se enfrontan a enormes retos globais. Pola súa complexidade sistémica e ao mesmo tempo, polo seu dinamismo, Madrid e Barcelona son eixos centrais do ecosistema turístico español e destinos cunha alta capacidade para a innovación e a experimentación de novos modelos de turismo. Son, ademais, puntos focais á hora de definir, deseñar e implementar políticas de transformación turística avanzada en ámbitos como a sustentabilidade, a mobilidade, a innovación, a eficiencia na xestión de fluxos e espazos, a coexistencia de usos, o reequilibrio urbano, a igualdade, as políticas de xénero, etc.

### 2.-Destino urbano

Dirixidos a cidades de máis de 150.000 habitantes cun forte perfil turístico. Os plans nestas cidades céntranse en xerar, reforzar e perennizar un modelo turístico sustentable, acorde coa súa capacidade de carga e capaz de aproveitar o potencial inexplorado das mesmas. Aínda que en boa medida os seus retos coinciden cos dos grandes destinos urbanos, estes destinos necesitan máis que aqueles ampliar os seus centros turísticos, transformando e dinamizando os seus barrios para incorporalos á súa oferta de cidade, xerar nova oferta cultural así como mellorar e ampliar a existente, investir na dixitalización dos servizos turísticos, rehabilitar o circuíto comercial impulsando os circuítos curtos e a economía circular, pór en valor todo o que permita articular a cidade co seu territorio, desde a gastronomía até as tradicións populares, e aproveitar a súa escala para avanzar de maneira decidido no desenvolvemento de sistemas de mobilidade sustentable.

Os seus obxectivos específicos son:

- Mellorar a imaxe da cidade.
- Transformar e dinamizar barrios.
- Desenvolver sistemas de mobilidade sustentable.
- Mellorar a eficiencia enerxética.
- Crear e desenvolver produtos turísticos completen a experiencia do destino.

- Impulsar proxectos de tecnificación do destino.
- Rehabilitar o tecido comercial.
- Mellorar a accesibilidade universal.
- Mellorar a monitorización dos fluxos turísticos.

### 3.-Cidade con identidade turística

Esta categoría acolle destinos urbanos cunha poboación entre 150.000 e 20.000 habitantes, con alta concentración de recursos con potencialidade turística, xa estean relacionados co patrimonio cultural, artístico, arquitectónico ou doutra índole, ou con centros históricos de alto interese turístico, incluídos, en todo caso, os declarados pola UNESCO Patrimonio da Humanidade. Pola súa especial natureza, estes destinos presentan un conxunto de necesidades e de problemas que xustifican a súa pertenza a unha tipoloxía especial.

A Estratexia establece unha tipoloxía de destinos aos que corresponden uns limiares mínimos de investimento por plan.

- Gran Destino Urbano (Madrid e Barcelona): 10 millóns de euros.
- Sol e Praia moi internacionalizado: 5 millóns de euros.
- Destino Urbano/ Cidade con identidade turística/ Son e praia mixto ou residencial: 2 millóns de euros.
- Rural costeiro/ Espazos naturais terrestres/ Destinos rurais con identidade turística: 1 millón de euros.

## 2.-ACTUACIÓNS ELIXIBLES

Cada destino debe seleccionar as súas actuacións xustificando a necesidade ou oportunidade das mesmas e enlazándoas coa consecución dos obxectivos propostos para a subcategoría de destino á que se vincule.

Procedeuse a unha clasificación das actuacións en 4 Eixos prioritarios relacionados cos obxectivos do PRTR.

### EIXO 1. Actuacións no ámbito da transición verde e sustentable:

Este eixo comprende actuacións de restauración ambiental, xestión de espazos naturais, accións de implantación de economía circular, rehabilitación sustentable de edificios e actuacións de adaptación ao cambio climático.

A continuación, detállase o tipo de actuacións que poden incorporarse a este eixo:

Restauración ambiental: mellora na xestión de verteduras, restauración paisaxística de obras e infraestruturas, recuperación de zonas húmidas degradadas, restauración de hábitats para a fauna e flora, creación de corredores ecolóxicos e corredores verdes, plans de saneamento integral, sistemas de reutilización da auga, adecuación de canles e ramplas, prevención de pragas, prevención de inundacións, así como a rehabilitación sustentable de edificios.

Adaptación ao cambio climático do destino e as súas infraestruturas: desenvolvemento de coñecementos e elaboración de plans en relación coa adaptación ao cambio climático e a prevención de riscos, incluíndo sistemas de alerta temperá, seguimento e avaliación, fomento do investimento para a prevención e xestión de riscos específicos sobre o territorio. Creación de oferta alternativa para



## Concello de Vigo

adaptación a tempada turística, adaptación de equipamentos (pistas de esquí), protección de praias e recursos turísticos, fomento do seu resiliencia fronte aos efectos do cambio climático, etc.

Implantación de medidas de economía circular en servizos públicos: redución de residuos, sistemas de separación e reutilización de residuos, diminución de desperdicios, sistemas de uso de produtos quilómetro cero, mellora da trazabilidade de cadea de subministracións, etc.

Xestión do uso público en espazos naturais: solucións baseadas na natureza, creación/mejorade equipamentos de uso público (modernización de centros de interpretación, TIC para a interpretación), regulación do acceso a lugares singulares para mellorar o seu aproveitamento turístico sustentable (sistemas lanzadeira, rutas limitadas, aparcadoiros disuasorios), deseño e posta en marcha de servizos de uso público como rutas guiadas, establecemento de réxime de colaboración público-privada.

Posta en valor de servizos ecosistémicos: implantación de fórmulas de aproveitamento turístico de recursos naturais singulares (cotos micolóxicos, recursos faunísticos, etc.) en montes públicos e veciñais, espazos protexidos.

Infraestrutura ciclista e adecuación de itinerarios non motorizados: proxectos de vías verdes, adecuación do firme de vías verdes, adecuación de camiños e carreiros, dotación de equipamentos turísticos e estacións de reparación, creación de puntos de recarga, recuperación de estacións para uso turístico, instalación de puntos de auga, etc.

### EIXO 2. Actuacións de mellora da eficiencia enerxética:

Este eixo comprende actuacións de eficiencia enerxética incluíndo as de mitigación do cambio climático, actuacións orientadas á redución da enerxía requirida para proporcionar produtos e servizos turísticos, limitando a contaminación por carbono e estimulando a transición cara a enerxías renovables así como actuacións de mobilidade sustentable.

Mitigación do cambio climático: implantación de tecnoloxías ambientais, mellora de eficiencia enerxética de sistemas de climatización, envolvente térmica, iluminación eficiente, sistemas de enerxía renovables. Redución de emisións de CO<sub>2</sub> na edificación e nas infraestruturas e servizos públicos.

Descarbonización: Implantación de sistemas dixitais de xestión da pegada de carbono, implantación do vehículo eléctrico no transporte público, instalación de puntos de carga para vehículos eléctricos.

Mobilidade sustentable: plans de mobilidade urbana, camiñabilidade dos destinos turísticos, conexión urbana-rural en áreas turísticas, implantación de sistemas de bicicletas, peonalización de rúas.

### EIXO 3. Actuacións no ámbito da transición dixital:

Este eixo comprende todas aquelas actuacións que faciliten a mellora continua dos procesos incluídos na cadea de valor turística mediante o uso da tecnoloxía.

Comunicación e acceso de recursos e servizos ao turista en destino: Plataformas, webs, apps ou ferramentas dixitais ao servizo da inspiración, promoción e/ou comercialización turística. Microsites e outras ferramentas de promoción e mercadotecnia dixital. Deseño e desenvolvemento de folletos dixitais e outros materiais (mapas, catálogos, axendas, etc.) interactivos cos recursos do destino.

Personalización da información turística, desenvolvemento de guías interactivas. Planificación personalizada de rutas turísticas. Distribución de información turística contextualizada. Caderno de viaxe. Desenvolvementos de realidade inmersiva que permitan anticipar experiencias turísticas no destino baseadas en realidade virtual e mixta.

Xestión do impacto que xera o turismo no destino: Desenvolvemento e xestión de infraestruturas en materia de colectividade e sensórica (Internet of Things) no destino:

- Despregamento de Infraestrutura de fibra óptica.
- Despregamento de servizos 5GNSA e 5GSA para o turista.
- Incorporación de Redes Wifi ou WiMax municipais
- Incorporación de redes para a conexión de sensores

Desenvolvemento de plataformas e sistemas de intelixencia turística en destino, que integren solucións de Big Data e de Intelixencia Artificial. Ferramentas para a xestión de fluxos, control de aforamentos e distanciamento social. Sistemas de escoita activa multi-idioma das opinións e preferencias da demanda turística (a través de “social listening”, xestión da reputación online, xestión de crise de reputación online, monitorización de mencións de marca, identificación de influencers relevantes, etc.). Sistemas de seguimento de parámetros ambientais e sanitarios en destinos turísticos.

Empresas e provedores turísticos do destino: Accións en materia de dinamización do sector turístico (diagnósticos do nivel de dixitalización das pemes turísticas, asesoramento especializado, xornadas divulgativas, formación e capacitación). Ferramentas dixitais de formación e capacitación para a transformación dixital dos traballadores do sector turístico do destino. Implementación de ferramentas ou servizos de diferente natureza que contribúan á dixitalización das empresas turísticas e de valor para o turismo. Deseño, desenvolvemento e xestión de hubs ou repositorios de datos dos principais actores do destino tanto do ámbito do propio sector turístico (hoteles, restaurantes, axencias de viaxes, etc.) como de fora do mesmo (como operadores de telecomunicacións, plataformas dixitais ou entidades financeiras que operan no destino).

Gobernanza pública e o seu acceso a tecnoloxía: Accións en materia de formación e capacitación dos xestores do destino no uso de novas tecnoloxías e ferramentas dixitais. Plataformas e sistemas tecnolóxicos de monitorización e xestión ambiental do destino. Solucións e ferramentas dixitais para a xestión dos procesos que conforman o sistema integral do destino turístico, a súa estratexia e plan operativo, así como o seguimento da súa execución orzamentaria. Desenvolvemento dun plan de participación cidadá e turística dixital.

Desenvolvemento de cadros de mando que permitan medir a seguridade na gobernanza do destino. Sistemas de xestión de denuncias on-line. Sistemas de xestión de incidencias. Ferramentas para a comunicación de alarmas, incidencias, avisos.

EIXO 4. Actuacións no ámbito da competitividade: Este eixo comprende todas aquelas accións de creación de oferta, mellora do produto, creación de equipamentos, embelecemento de espazos públicos, así como todo o relacionado coa mellora constante da xestión do destino. Comunicación e sensibilización de residentes e de turistas: campañas de sensibilización sobre sustentabilidade do turismo no destino para fomentar cambios de actitudes nos turistas e residentes.

Actuacións de mellora da contorna urbana: soterramento de cableado, mellora de elementos públicos (fachadas, pavimentos tradicionais de rúas), normativa para o uso de terrazas, adecuación de parques e xardíns, cubrimento de colectores de lixo, decoración de fachadas, eliminación de graffitis, pantallas anti-ruído, reutilización de fontes, rehabilitación de rúas ou barrios, etc.

Reconversión de zonas turísticas: promoción, fomento e desenvolvemento do patrimonio cultural para o seu uso turístico, estudos para reconversión, deseño de sistemas, normativa e mecanismos de cooperación público-privada para a reconversión, actuacións de “esponxamento” (eliminación de barreiras de acceso en praias, supresión de equipamentos obsoletos, sistemas de compensación



## Concello de Vigo

urbanística, creación de zonas verdes, agrupación de equipamentos turísticos por zonas e usos), aparcadoiros disuasorios, restauración do dominio público marítimo e terrestre, etc.

Inventarios de recursos turísticos: sistemas de información xeográfica de recursos, estudos de oferta turística, inventarios e avaliación do uso turístico de recursos, inventario de infraestruturas verdes e áreas a recuperar.

Certificacións de sustentabilidade: implantación de sistemas de certificación turística: Carta Europea de Turismo Sustentable, EMAS, ETIS (European Tourism Indicators System).

Creación de nova oferta turística. Procesos de creación de produtos turísticos sobre recursos e equipamentos turísticos, estudos de viabilidade de produtos turísticos, deseño de produtos turísticos con sistemas de requisitos para diferenciar e integrar os elementos que configuran os produtos turísticos, asesoría, formación e acompañamento para a implantación de produtos turísticos. Adaptación dos produtos turísticos ás especificidades dos diferentes segmentos da demanda e creación de ferramentas e formación específica para iso.

Mellora da accesibilidade: eliminación de barreiras físicas, adaptación de edificios públicos á accesibilidade física, mellora accesibilidade de información para grupos con necesidades especiais, sistemas de transporte especiais (carriños eléctricos).

Creación de equipamentos de turismo activo: deseño e adecuación de carreiros, parques de turismo activo, zonas para a práctica de turismo activo, implantación de sistemas de xestión público-privada.

Xestión de equipamentos para servizos turísticos: mellora de edificios municipais para o seu uso turístico (museos, centros de visitantes, oficinas de información turística, etc), desenvolvemento de produtos turísticos: Medidas de apoio para converter recursos en produtos turísticos, apoio á participación público-privada no desenvolvemento de produtos turísticos, deseño, subministración e instalación de sinais de recursos, produtos e destinos.

Posta en valor de produtos locais para o turismo: sistemas de visita a explotacións, puntos de venda de produtos agroalimentarios, mercados de rúa de produtos locais, exposicións e degustacións.

Programas e protocolos de seguridade e hixiene: adquisición de métodos de limpeza, desinfección, prevención e profilaxe en equipamentos e lugares turísticos. Plans de protección contra incendios, plans de seguridade e rescate en zonas de montaña. Implantación de protocolos COVID.

Funcionamento do ente xestor do destino turístico: creación de equipos de xestión turística, Smart office, creación de Destination Management Organizations en destinos turísticos que aplican plans de sustentabilidade. Formación na xestión de fondos europeos.

Sistemas de avaliación de resultados: sistemas de indicadores de resultados, plataforma de xestión dos destinos turísticos, estudos das repercusións dos plans de sustentabilidade turística locais e rexionais, e do programa nacional e as súas repercusións socioeconómicas.

Mellora da Calidade do Destino: implantación, plans de mellora, distintivos.

### **3.- COMPOÑENTES OPERATIVOS DA ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINOS**

O Programa Extraordinario de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos ten a súa concreción operativa nos Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destinos (en diante, Plans Territoriais) que se negociarán cada ano con cada unha das comunidades autónomas e as súas entidades locais e nun Plan Nacional de Sustentabilidade Turística en Destino que contribuirá á prioridade turística nacional que se acorde para cada ano en diálogo coas comunidades autónomas e entidades locais.

O Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destino finánciase con cargo ao orzamento adxudicado á submedida 2 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico de acordo á seguinte distribución de anualidades:

2021	2022	2023	TOTAL
660.000.000€	720.000.000€	478.000.000€	1.858.000.000€

De acordo ao devandito orzamento, confeccionouse un modelo de distribución entre comunidades autónomas de asignacións máximas para os Plans Territoriais aprobados conforme ao procedemento establecido nesta Estratexia.

Ambos os Programas elabóranse entre a Secretaría de Estado de Turismo (SETUR) e as comunidades e cidades autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) a través da Conferencia Sectorial de Turismo.

A Secretaría de Estado de Turismo levará a cabo cantas actuacións sexan precisas para a definición, desenvolvemento, coordinación e execución das políticas turísticas do Estado, sen prexuízo das competencias da Conferencia Sectorial de Turismo e demais órganos de cooperación entre a Administración Xeral do Estado e outras entidades públicas ou privadas.

### **4.- PLANS TERRITORIAIS DE SUSTENTABILIDADE TURISTICA EN DESTINOS**

En cada anualidade de vixencia do Programa Extraordinario de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023 definiranse os Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, mediante un proceso coordinado coas comunidades autónomas e as entidades locais no que participarán os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

Os Plans Territoriais permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

Os Plans Territoriais configúranse como mecanismos de actuación cooperada entre a AGE, as CCAA, as EELL e o sector privado, co obxectivo de avanzar na transformación dos destinos turísticos desde un modelo participado de gobernanza multinivel. A participación na elaboración e deseño dos Plans Territoriais dos diferentes axentes que forman parte do ecosistema do destino, é unha peza crave para alcanzar a sustentabilidade do modelo de desenvolvemento turístico que España presentou á Unión Europea.

Para iso, crearase un Comité Consultivo para cada un dos territorios das comunidades autónomas, como órgano de participación dos actores públicos que operan no destino.





## Concello de Vigo

O Comité Consultivo estará formado por:

- Dous representantes da Comunidade Autónoma, asumindo un deles a presidencia do Comité.
- Dous representantes da Secretaría de Estado de Turismo.
- Un representante da Federación de Municipios de cada Comunidade Autónoma que, no caso das illas, poderá ser substituído por un representante dos consells ou cabildos insulares.

O Comité Consultivo participará nas fases de elaboración e seguimento do Plan Territorial. O Comité Consultivo reunirse a iniciativa do seu presidente, cando algún dos membros soliciteo ou, en todo caso, semestralmente. Ditas reunións poderán celebrarse por medios electrónicos. Entenderase validamente constituído o comité cando estean representadas o tres administracións.

### **4.1.-INSTRUMENTOS DE INTERVENCIÓN**

Os Plans Territoriais articulan a súa intervención por medio de dous instrumentos:

- Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD)
- Actuacións de cohesión entre Destinos (ACD)

Os Plans de Sustentabilidade Turística en Destino Constitúense como plans cuxo deseño e execución corresponde aos Entes Locais de cada un dos destinos. Orientarase á resolución da problemática dos destinos que estea á súa vez interrelacionada cos obxectivos previstos na presente Estratexia e cos documentos estratéxicos estatais e autonómicos en materia de turismo.

O seu período de duración é de tres anos, salvo os PSTD aprobados no Plan Territorial de 2023, que finalizarán o 30 de xullo de 2026.

O ente xestor dos PSTD é unha entidade local, de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- O Municipio.
- A Provincia.
- A Illa nos arquipélagos balear e canario.
- As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As Áreas Metropolitanas.
- As Mancomunidades de Municipios.

As CCAA poderán establecer igualmente como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local. O Plan Territorial de cada ano canalizará, polo menos, o 50% do seu orzamento a través de PSTD.

### **PROPOSTA DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO.**

A Concellería de Turismo elaborou, seguindo a liña marcada pola “Estratexia de sostibilidade turística en destino”, o “Plan de Sostibilidade do Destino Vigo 2022” (adxunto ao expediente como Anexo I ) que permite identificar as necesidades que ten o sector turístico e consolidar Vigo como destino turístico, identificando retos para transformar o modelo turístico e convertilo nun modelo sostible, inovador, competitivo e de calidade, uns retos que deben afrontarse e compatibilizar con valores

como o cuidado do medio ambiente, a sostibilidade, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a mellora da gobernanza, a dixitalización ou preservación do patrimonio, así como a atención ás necesidades da poboación local de modo que os beneficios deste plan revertan sobre eles.

O Plan de Sostibilidade Turística do destino Vigo” está supeditado a aprobación polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, que se solicita e a súa posterior aceptación que se desenvolverá no seguinte marco orzamentario

Ejes programáticos	Actuaciones elegibles	Actuaciones Vigo PSTD	Anualidad 2023	Anualidad 2024	Anualidad 2025	Total	%
<b>Eje 1. Transición verde y sostenible</b> <b>actuaciones de restauración ambiental, gestión de espacios naturales, acciones de implantación de economía circular, rehabilitación sostenible de edificios y actuaciones de adaptación al cambio climático.</b>  - 10% de la inversión - 7,5% del presupuesto global del PSTD para las actuaciones identificadas con etiqueta climática 100% - 7,5% del presupuesto global del PSTD para las actuaciones identificadas con etiqueta climática 40%	1	Adaptación al cambio climático del destino y sus infraestructuras (etiqueta 035 - 100% etiquetado climático):  Rehabilitación sostenible de un Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico para su adaptación al cambio climático:  El objetivo de esta intervención es reducir la vulnerabilidad y riesgos generados por el cambio climático y, fortalecer la resiliencia de los edificios.	715.462,58 €	794.958,42 €	79.495,84 €	<b>1.589.916,84 €</b>	<b>14%</b>
	2	Adaptación al cambio climático del destino y sus infraestructuras (etiqueta 035 - 100% etiquetado climático):creación de oferta alternativa para adaptación de la temporada turística al cambio climático  Programa de nuevos itinerarios gastronómicos:  En respuesta a los cambios de la temporada alta de visitantes y turistas y la promoción de la desestacionalización.  Acciones de networking con el objetivo de diseñar y comercializar experiencias turísticas de base gastronómica  Organización de microeventos culturales y showcookings itinerantes (mercado de abastos, lonjas...)  Diseño de rutas culturales gastronómicas y turísticas con base en un itinerario cultural de los productos gastronómicos endógenos del territorio y su vinculación con la cultura y tradiciones a través de experiencias inmersivas	60.000,00 €	60.000,00 €	60.000,00 €	<b>180.000,00 €</b>	<b>2%</b>
	3	Implantación de medidas de economía circular en servicios públicos (etiqueta 050):  Plan de Gestión de Residuos para edificios municipales:  Implementación de medidas de Economía Circular para edificios municipales y fiestas gastronómicas. Se incluye la elaboración de un Plan de gestión de residuos y la implementación un programa piloto en el nuevo Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico	215.628,20 €	215.628,20 €	215.628,20 €	<b>646.884,59 €</b>	<b>6%</b>
<b>Total EJE 1</b>			<b>991.090,78 €</b>	<b>1.070.586,62 €</b>	<b>355.124,04 €</b>	<b>2.416.801,43 €</b>	<b>22%</b>



## Concello de Vigo

<p><b>Eje 2. Mejora de la eficiencia energética actuaciones de eficiencia energética incluyendo las de mitigación del cambio climático, actuaciones orientadas a la reducción de la energía requerida para proporcionar productos y servicios turísticos, limitando la contaminación por carbono y estimulando la transición hacia energías renovables así como actuaciones de movilidad sostenible.</b></p> <p><b>20% del presupuesto de cada PSTD a las actuaciones identificadas con etiqueta climática 100% por la Comisión Europea</b></p>	4	<p>Mitigación del cambio climático (etiqueta 073): implantación de tecnologías ambientales, mejora de eficiencia energética de sistemas de climatización</p>	<p>Estrategia de sostenibilidad energética del Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico para un desempeño energético próximo a la neutralidad y su certificación.</p> <p>Esta intervención busca posicionar este edificio como un espacio "BIOCLIMÁTICO" Mejorando el rendimiento energético del CRV con sistemas de climatización y energías renovables e integrando elementos que faciliten el uso de transporte no motorizado (como la instalación de estacionamientos para bicicletas o de estaciones de carga para vehículos eléctricos)</p>	116.350,11 €	325.780,30 €	23.270,02 €	<b>465.400,43 €</b>	<b>4%</b>
	5	<p>Mitigación del cambio climático (etiqueta 073): iluminación eficiente</p>	<p>Transformación del sistema de iluminación del casco vello: estrategia de iluminación artística y funcional a través soluciones sostenibles que minimicen el consumo energético poniendo en valor los recursos patrimoniales asociados al turismo cultural y gastronómico de la ciudad.</p>	- €	150.000,00 €	150.000,00 €	<b>300.000,00 €</b>	<b>3%</b>
	6	<p>Movilidad sostenible (etiqueta 073): planes de movilidad urbana, peatonalización de las calles, conexión urbana-rural en áreas turísticas, implantación de sistemas de bicicletas</p>	<p>Estrategia de movilidad urbana Vigo Vertical - itinerario 10. Estación marítima - camelias: articulación a través de sistemas de movilidad eficiente de los espacios emblemáticos turísticos y culturales de la ciudad. Incluye la mecanización de las escaleras de Abeleira Menendez y la humanización, pasillos y ascensor del paseo de Granada</p>	392.948,70 €	785.897,40 €	2.750.640,90 €	<b>3.929.487,00 €</b>	<b>36%</b>
<b>Total eje 2</b>				<b>509.298,81 €</b>	<b>1.261.677,70 €</b>	<b>2.923.910,92 €</b>	<b>4.694.887,43 €</b>	<b>43%</b>
<p><b>Eje 3. Transición digital</b></p> <p><b>Este eje comprende todas aquellas actuaciones que faciliten la mejora continua de los procesos incluidos en la cadena de valor turística mediante el uso de la tecnología - Al menos 10% de la inversión</b></p>	7	<p>Comunicación y acceso de recursos y servicios al turista en destino: Plataformas, webs, Apps</p>	<p>Actualización de Web y app de Turismo de Vigo: Diseño de una estrategia de marketing digital que incluirá la actualización del espacio digital del servicio de turismo del concello de Vigo que permita mejorar la eficiencia de la promoción del destino y ofrecer información actualizada sobre qué visitar; una guía de establecimientos hoteleros y de restauración, así como de servicios turísticos; oferta cultura y de ocio de la ciudad; opciones de movilidad (aparcamientos y transporte); rutas turística; contenidos y experiencias turísticas; información de servicio (tiempo, tráfico, etc.).</p>	300.000,00 €	100.000,00 €	100.000,00 €	<b>500.000,00 €</b>	<b>5%</b>
	8	<p>Comunicación y acceso de recursos y servicios al turista en destino: modernización de centros interpretación, Desarrollos de realidad inmersiva que permitan anticipar experiencias turísticas en el destino basadas en realidad virtual y mixta</p>	<p>Desarrollo de entornos inteligentes del Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico (recreaciones virtuales del patrimonio gastronómico) para la promoción de las experiencias de turismo gastronómico y cultural de la cadena de valor (productores, recursos naturales asociados, restauración, hoteles) de la ciudad de Vigo: integración de nuevas tecnologías: TICS, realidad aumentada.</p> <p>Se incluyen actuaciones vinculadas al diseño y montaje de equipamiento para un nuevo recorrido expositivo digital del CRV</p>	20.481,14 €	163.849,10 €	225.292,51 €	<b>409.622,75 €</b>	<b>4%</b>

	9	Comunicación y acceso de recursos y servicios al turista en destino: Plataformas, webs, Apps	Plataforma de inteligencia turística y Programa de Vigilancia Competitiva e Inteligencia Turística que permita la digitalización de los recursos, que conecte el destino con los agentes del sector mediante el uso del big data, business intelligence y la inteligencia artificial. Facilitar a las empresas de toda la cadena de valor el acercamiento al cliente combinando la digitalización, la gestión de big data y la inteligencia artificial para poder anticiparse al comportamiento y necesidades de los consumidores.	100.000,00 €	50.000,00 €	50.000,00 €	200.000,00 €	2%
<b>Total EJE 3</b>				<b>420.481,14 €</b>	<b>313.849,10 €</b>	<b>375.292,51 €</b>	<b>1.109.622,75 €</b>	<b>10%</b>
<b>Eje 4. Competitividad</b>  - Al menos 10% de la inversión  acciones de creación de oferta, mejora del producto, creación de equipamientos, embellecimiento de espacios públicos, así como todo lo relacionado con la mejora constante de la gestión del destino.	10	Reconversión de zonas turísticas: recuperación del patrimonio cultural para su uso turístico, estudios para su reutilización turística, concursos de ideas para la reconversión de zonas degradadas, creación de zonas verdes	Reconversión de un Centro Multifuncional de Turismo Gastronómico como foco de actividad social y pública: Estrategia de actuación unitaria para un conjunto fragmentado de edificaciones en la Praza da Igrexa del Casco Vello.  Su mayor potencial será facilitar la cooperación de todos los sectores de la cadena de valor del sector del turismo cultural, comunitario, gastronómico, ambiental y fomentar las interacciones entre los ámbitos profesionales y sociales. La actuación desarrolla la propuesta ganadora del Concurso de Proyectos, con intervención de jurado, para la reforma de edificaciones en la Praza da Igrexa (PEPRI Casco Vello).  Se incluye la rehabilitación del mismo para incorporar una visión de arquitectura inclusiva que incluya en su programación, planeación y diseño a usuarios con distinta capacidad motriz, sensorial, física; para garantizar su accesibilidad en términos espaciales-funcionales, contemplando los derechos de ese otro distinto.	520.668,96 €	456.162,89 €	51.412,20 €	1.028.244,05 €	9%
	11	Gestión de equipamientos para servicios turísticos: mejora de edificios municipales para su uso turístico (museos, centros de visitantes, oficinas de información turística, etc), mejora de la señalética	Rehabilitación del Edificio del Ayuntamiento para su uso turístico e instalación de un ascensor panorámico y un mirador 360º  Nuevo espacio de convivencia en la azotea del Edificio central del Concello de Vigo que permitirá abrir el edificio a la ciudad y mejorar su funcionalidad, así como la instalación de un ascensor panorámico exterior.  Se incluye la rehabilitación del mismo para incorporar una visión de arquitectura inclusiva que incluya en su programación, planeación y diseño a usuarios con distinta capacidad motriz, sensorial, física; para garantizar su accesibilidad en términos espaciales-funcionales, contemplando los derechos de ese otro distinto.  Equipamiento con TICs para la interpretación de recursos naturales y culturales del territorio La actuación se desarrollará a través de un Concurso de ideas	- €	405000	945000	1.350.000,00 €	12%



## Concello de Vigo

12	Creación de nueva oferta turística: Procesos de creación de productos turísticos sobre recursos y equipamientos turísticos, estudios de viabilidad de productos turísticos	Programa de promoción Vigo destino MICE de referencia  Plan de relanzamiento que incluye acciones de comunicación y promoción del destino, así como el establecimiento de una línea de ayudas directas a la organización de congresos, jornadas, ferias y otros eventos dirigidas a sociedades y asociaciones científicas, académicas, profesionales y empresas.	150.000,00 €	125.000,00 €	125.000,00 €	400.000,00 €	4%
	13 <b>Requerido en la Estrategia</b>	Ente Gestor del PSTD y creación de un cuadro de mando de indicadores del PSTD:  Diseño y puesta en marcha de un sistema de evaluación de impacto socioeconómico y ambiental derivadas de la ejecución del Plan. Se incluye la creación de un ente gestor responsable de la coordinación y seguimiento de las acciones del PSTD.	45.000,00 €	45.000,00 €	45.000,00 €	135.000,00 €	1%
<b>Total EJE 4</b>			<b>715.668,96 €</b>	<b>1.031.162,89 €</b>	<b>1.166.412,20 €</b>	<b>2.778.244,05 €</b>	<b>25%</b>
<b>TOTAL</b>			<b>2.636.539,69 €</b>	<b>3.677.276,31 €</b>	<b>4.820.739,67 €</b>	<b>10.999.555,66 €</b>	<b>100 %</b>

Vigo está inmerso nun proceso de transformación sustentable da cidade, que se reflicte en proxectos impulsados desde o propio Concello como a Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado ,Vigo Vertical, ou o recentemente actualizado , Plan de Mobilidade Urbana Sustentable. Vigo constitúe a maior cidade de Galicia, o núcleo central dunha área metropolitana en proceso de formación acelerada, a cal posúe a taxa de actividade máis alta no conxunto da provincia e en Galicia.

Así mesmo, o turismo atópase nun momento de transformacións estruturais na demanda, o cal expón novos retos tanto para os destinos como para os axentes intervinientes no sector, que require un proceso de innovación e adaptación dos destinos desde o aproveitamento dos recursos e potencialidades do territorio. O turismo enogastronómico de Vigo conta cunha gran tradición culinaria, onde se reúnen produtos do mar e do interior, sendo unha opción estratéxica de desenvolvemento para promover un turismo alternativo/complementario con outros produtos turísticos da cidade.

No actual contexto, Vigo, debe facer fronte a certos retos para transformar o seu modelo turístico e converterse nun destino sustentable, innovador, competitivo e de calidade, uns retos que deben afrontarse e compatibilizar cun compromiso co medio ambiente, a cultura local e as tradicións, a mitigación e adaptación ao cambio climático, a mellora da gobernanza, a dixitalización ou a preservación do patrimonio, atendendo as necesidades da poboación local, de maneira que a cidadanía perciba os beneficios socioeconómicos desta actividade.

Prevese que a revolución dixital acelérese, e siga aumentando a adopción tecnolóxica por parte de persoas, empresas e administracións. A cidade de Vigo, consciente do reto que representa, leva anos traballando en consolidar unha cidade máis intelixente e ao servizo dos seus habitantes. O proxecto,Vigo Smart City, recolle as actuacións 'smart' das áreas da cidade, incluíndo a gobernanza,

movilidade, turismo, cultura, medio ambiente, enerxía, auga, xestión de residuos, humanización da cidade, servizos sociais, innovación, etc. Este traballo asegura unha sólida base na que se apoiará o plan de acción proposto para avanzar nesta dirección no sector turístico e mellorar a eficiencia e innovación do sector.

Vigo constitúese culturalmente como Cidade do Mar e estratexicamente como Porta do Atlántico, configurando todo un panorama de economía e cultura azul, como son as actividades pesqueiras e de servizos derivados, unha gran industria de estaleiros, unha diversa e recoñecida cultura gastronómica, que se define tamén como a Dieta Atlántica, sobre a que se xeraron decenas festas gastronómicas en Vigo dedicadas a exaltar os produtos galegos. Todo iso, permitiu que ademais de ser un dos mellores portos pesqueiros, tamén se situar como enclave turístico vinculado ao mar e os seus recursos, co potencial de converterse no destino de turismo de cruzeiros máis importante do noroeste de España.

Dende o punto de vista ecolóxico, o aumento da presión humana sobre os ecosistemas e ao cambio climático proxectan efectos notorios na contorna de Vigo, modificando algunhas das características que o fan atractivo. A cidade de Vigo está integrada nun enclave natural por mar e terra, coroada polo Monte de Ou Castro, o Monte da Guía e bañada pola Ría, coas Illas Cíes como baluarte. Estes recursos supoñen unha oportunidade para o turismo e un reto de face a súa conservación, facendo aínda máis relevante fortalecer a relación bidireccional que o turismo debe asegurar co medio ambiente. A diferenciación e o atractivo do turismo de Vigo deberá situarse como instrumento de conservación dos recursos naturais, patrimoniais e culturais.

En relación co turismo de negocios, Vigo está integrada nun sólido tecido social e empresarial cunha crecente actividade económica, conta co Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), cunha afluencia que xa supera o millón de visitantes, sendo garantía de éxito para os eventos profesionais. Este Plan buscará consolidar esta posición, potenciando iniciativas relacionados coas industrias de vocación marítima da cadea de valor da gastronomía de Galicia e Vigo.

Coa convocatoria do Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destino, Vigo quere continuar con ese proceso de transformación, neste caso, no ámbito do turismo, apoiándose neste programa que permita mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns e cidadás, a competitividade das empresas, e que, sexa percibido como un destino innovador no que a súa identidade histórica ligada á cultura do mar e os seus recursos sexan atributos diferenciais para a atracción de visitantes e turistas.

## **CAPACIDADE ADMINISTRATIVA**

A estrutura orgánica do Concello de Vigo en relación á xestión municipal atópase organizada como un municipio de gran poboación desde a entrada en Vigo da Lei 57/2003, do 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

Dito marco normativo distingue unha especial estrutura de goberno para este tipo de Concellos, atribuíndo á Xunta de Goberno Local, fronte aos de réxime común, a natureza de órgano colexiado executivo que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de maneira colexiada na función de dirección política que a este lle corresponde, exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas. Esta atribución normativa deriva na asignación dun relevante núcleo de competencias propias recollidas no artigo 127 LRBRL, cun claro impacto na xestión diaria dos asuntos de interese municipal.



## Concello de Vigo

En relación ás competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, Resolución con data do 18 de xuño de 2019, foi delegada nos/as concelleiros/as delegados/as da área, e Resolución de alcaldía de modificación delegación de competencias en concelleiros/as de área, de data 17 de agosto de 2020, delega na Concelleira delegada da área de Turismo, entre outros asuntos a de realizar “Propostas de actuación, coordinación e implementación local dos plans turísticos de ámbito estatal, autonómico, da área metropolitana, provincial e internacional e adecuación dos diversos ámbitos ao destino Vigo”.

En base a todo o exposto, o “Plan de Sostibilidade Turística del destino Vigo 2022” responde aos requisitos establecidos na estratexia de sostibilidade turística en destino. Dito plan quedará supeditado a aprobación do mesmo e a súa posterior aceptación. A vista do contida da memoria propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

### **PROPOSTA**

1. Aprobar a proposta do “ Plan de Sostibilidade Turística do Destino Vigo, 2022” de acordo cos contidos da memoria (Anexo I ) e a memoria de participación (Anexo II) que se desenvolve neste expediente
2. Aprobar a solicitude de presentación do “Plan de Sostibilidade Turística do Destino Vigo 2022” para a súa posible inclusión no Plan Territorial de sostibilidade turística en Destino no marco da Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos, na convocatoria extraordinaria de Planes de Sostibilidade Turística en destinos para Entidades Locais, do Ministerio de Industria, Comercio y Turismo.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21(354).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DO PATROCINIO PUBLICITARIO DO PROXECTO “FARO EDUCA 2022”, Á MERCANTIL FARO DE VIGO S.A.U. EXPTE. 19007/101.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 10/05/2022 e informe de fiscalización do 11/05/2022, dáse conta do informe-proposta de data 06/05/2022, asinado pola xefa da Unidade Administrativa de Alcaldía e a concelleira delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES**

En base as consideracións que se conteñen no informe de necesidade e idoneidade, de data 18 de abril de 2022, que consta no expediente, a Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal dispón que se inicie expediente administrativo

para a execución dun contrato de patrocinio publicitario para o “FARO EDUCA 2022” organizado por Faro de Vigo S.A.U.

O contrato responde ao exercicio das competencias municipais na medida en que os artigos 25.1 e 25.2.m. da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 80.1 e 80.2.ñ da lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, os municipios poderán promover e realizar actividades para promocionar e difundir os valores sociais e culturais implícitos na acción da educación.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

- Informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal con data 18 de abril de 2022.
- Informe da empresa Ecovigo Publicidade, S.L. sobre se o retorno publicitario que figura no proxecto FARO EDUCA elaborado e valorado polo Faro de Vigo e que ascende a un importe de 1.562.846,25.- euros, en concepto de patrocinio publicitario solicitado ao Concello de Vigo, está debidamente xustificado, tanto dende o punto de vista publicitario como da comunicación.
- Memoria económica do contrato asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal de data 18 de abril de 2022.
- Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 18 de abril de 2022 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.
- Memoria xustificativa do contrato de data 6 de maio 2022 asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía, e coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.
- Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 6 de maio de 2021.

## **II.- CONDICIÓN DEFINIDORAS DO CONTRATO**

### **II.1.- Obxecto e natureza do contrato**

O obxecto do presente expediente contéplase no desenvolvemento das accións vinculadas a proposta de patrocinio publicitario da entidade Faro de Vigo S.A.U., ao Concello de Vigo con motivo do proxecto “FARO EDUCA 2022” organizada polo Faro de Vigo e que de forma concreta se definen na cláusula 3ª do PPTP.

O proxecto “FARO EDUCA 2022”, denominado ata o ano 2020 “FARO DA ESCOLA”, é un proxecto organizado polo Faro de Vigo cunha traxectoria de mais de seis anos, no que participan os centros educativos de Vigo e o súa área de influencia.

Dito proxecto ten por obxectivo impulsar a educación dende diferentes puntos de vista, achegar aos nenos e nenas á prensa, involucrarse coas innovacións educativas e neste momento de alarma sanitaria ofrecer ademais unha alternativa de ocio e lecer aos nenos e nenas confinados na casa.





## Concello de Vigo

O expediente cualifícase de contrato de patrocinio publicitario de acordo co artigo 22 da vixente Lei Xeral de Publicidade, e se considera como un contrato privado, xa que o mesmo non ten cabida en ningún dos contratos recollidos no artigo 12 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover a educación e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

### II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación.

Este contrato cualifícase como de patrocinio publicitario, de conformidade co disposto no artigo 22 da Lei 34/1988, de 11 de novembro, xeral de publicidade, e ten a consideración de contrato privado consonte ao disposto nos artigos 24 a 26 da LCSP.

Rexerase, en canto á súa preparación e adxudicación, por esta lei e as súas disposicións de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou, no seu caso, as normas de dereito privado, segundo corresponda por razón do suxeito ou entidade contratante. En canto aos seus efectos e extinción, rexerase polo dereito privado.

O contrato adxudicarase conforme ao procedemento negociado sen publicidade, por canto, de acordo co artigo 168.a 2º LCSP, por motivos relacionados coa protección de dereitos de exclusiva o contrato só pode encomendarse a un empresario determinado, FARO DE VIGO S.A.U., que ten a exclusiva do proxecto.

A forma de tramitación do expediente será a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP.

### II.3.- Prezo e valor do contrato

O prezo do contrato que servirá como base da negociación é de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

Prezo con ive: **112.295,00**

Prezo sen ive: **92.805,79 €**

Importe 21% ive: **19.489,21 €**

O gasto terá unha imputación a aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento para o ano 2020.

#### II.4 Aspectos do contrato obxecto de negociación

O artigo 170.2 da LCSP determina que no caso de que unicamente participe un candidato, o órgano de contratación, sempre e cando sexa posible, deberá negociar con él os termos do contrato.

Dada a natureza do obxecto do contrato, e dada a imposibilidade de negociar sobre as campañas de comunicación e as diferentes accións do proxecto, non se celebrará proceso de negociación .

Pode considerarse que o prezo fixado no contrato é axustado, tendo en conta os cálculos dos costes e as referencias de tempadas pasadas detalladas na proposta presentada por FARO DE VIGO S.A.U.

O único criterio de adxudicación será a do prezo do contrato.

#### II.5 Revisión de prezos

Este contrato queda expresamente excluído da revisión de prezos que se determina no artigo 103 e seguintes da LCSP, polo que o prezo ofertado manterase durante toda a vixencia do contrato.

#### II.6.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

#### II.7.- Subcontratación

Establécese como tarefa crítica todo o relacionado coa publicidade, que deberá correr a cargo de FARO DE VIGO, S.A.U.

#### II.8.- Prazo de execución e prórroga:

1.- O prazo de execución será de 7 meses.

2.- O cómputo do prazo iniciarase o 1 de xuño de 2022. Se o contrato se formalizase con posterioridade a esta data reducirase o prazo de execución, xa que o contrato rematará o día 31 de decembro do mesmo ano.

De acordo co obxecto do contrato, non se establece opción de prórroga.

#### II.9.- Modificación do contrato

Non se contempla.



## Concello de Vigo

### II.10.- Responsable do Contrato

O responsable do Contrato será a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía

### II.11- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

### II.12.- Condicións especiais de execución:

De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP, establécense como condicións especiais de execución do contrato para o adxudicatario a seguinte:

#### De carácter medioambiental:

- Redución de envases e embalaxes.
- Recollida selectiva de residuos.

O cumprimento destas condicións especiais de execución poderán verificarse en calquera momento polo responsable do contrato, solicitando ao contratista a documentación que estime pertinente.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen da súa execución.

### II.13.- Solvencia

#### **- Solvencia económica e financeira:**

Acreditarase mediante unha declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior ao valor estimado do contrato.

#### **- Solvencia técnica e profesional:**

- Deberá achegarse unha declaración do empresario sobre os principais servizos ou traballos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato en curso de, como máximo os tres últimos anos

No caso de que os datos incluídos na documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos non sexan veraces, con independencia da responsabilidade penal na que puidera incorrer o declarante, o órgano de contratación poderá iniciar procedemento para declarar a existencia de prohibición para contratar, de acordo co previsto no artigo 72 da LCSP. Excluirase ao licitador do procedemento e reclamaránselle 250 € en concepto de penalidade.

#### II.14.- Cesión de datos e de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario

A execución do presente contrato non implica a cesión de datos nin de dereitos de propiedade intelectual ou industrial ao adxudicatario.

### **III.-PROPOSTA**

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto "FARO EDUCA 2022", á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 18 de abril de 2022.

**Terceiro.-** Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 6 de maio de 2022.

**Cuarto.-** Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

· O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

· O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de **92.805,79 €**

**Quinto.-** Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

**Sexto.-** Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requiringo ademais a



## **Concello de Vigo**

consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **22(355).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez